



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 1 DE
MARZO DE 2012**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira

D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

INTERVENTORA

DNA. CELSA PEREZ GIL

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día un de marzo de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, réunese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 2 DE FEBREIRO DE 2012.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS 2012

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 9, REGULADORA DA TAXA DE SUMIDOIROS

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 10, REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 24, REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE URBANISMO RELATIVO A DESISTIMENTO DE RECURSO CONTENCIOSO RELACIONADO CO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL, RELATIVO Á CREACIÓN DUNHA COMISIÓN CON VISTAS A ESTABLECER UN PREMIO CONMEMORATIVO PARA RECOÑECER O LABOR DAQUELAS MULLERES OU ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS QUE CONTRIBUÍRAN Ó EMPODERAMENTO DA MULLER.

8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES RELATIVO A SOLICITAR Á DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO DA XUNTA, A DECLARACIÓN DO ENTROIDO DA ULLA-ENTROIDO DOS XENERAIS, COMO FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

9º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 21 DE DECEMBRO DE 2011 E O 31 DE XANEIRO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 2 DE FEBREIRO DE 2012. Aprobase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 2 de febreiro de 2012. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS 2012.

O Sr. Alcalde fai unha proposta dunha corrección de erro no expediente do orzamento do ano 2012.

Sr. Alcalde: Antes de entrar no punto número dous, esta alcaldía quere facer unha proposta dunha corrección de erro detectada e xa comunicada á mesa de persoal. No expediente do orzamento prodúcese ese erro material na proposta do acordo, erro que se traslada tamén ó ditame da comisión informativa de facenda. O erro material consiste en que cando se recolle a táboa de equivalencias entre o persoal laboral fixo e o persoal funcionario, no caso do posto denominado director de gardería infantil recóllese como nivel de complemento de destino nivel vinte e debe recollese o nivel vinte e catro; como saben vostedes, derivado ou motivado por unha sentenza xudicial. É un erro de transcripción que, se lles parece, como debemos de incorporalo como alegación ó punto número dous que é o ditame dos orzamentos xerais do 2012, votamos esta proposta inicialmente e despois pasamos á votación do punto número dous.

Finalmente, por unanimidade de tódolos Concelleiros, e previo ó seu debate e votación, decídese realizar a seguinte corrección de erro material do ditame da Comisión de Facenda e Cultura sobre os Orzamentos municipais de 2012:

No expediente dos Orzamentos municipais de 2012, produciuse un erro material na Proposta de Acordo desta Alcaldía de 14 de febreiro de 2012; erro que arrastrouse tamén ata o ditame da Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas de 16 de febreiro de 2012.

Consiste o erro en que no punto cuarto do Acordo, cando se recolle a táboa de equivalencias entre o persoal laboral fixo e o persoal funcionario (co obxecto de facer efectivo o sinalado no artigo 22.4 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2011), no caso do posto denominado "Director gardería infantil" recóllese como nivel de complemento de destino "Nivel 20". E debeu recollese "Nivel 24".

Así debeu facerse como consecuencia da sentenza de 2 de maio de 2011 do Xulgado do Social nº 3 de Pontevedra (autos 818/10), en que se di expresamente "declaro o dereito da demandante a percibir as súas retribucións na mesma contía que a categoría de asistente social con xefatura". E precisamente o nivel equivalente para un posto de asistente social con xefatura é o nivel 24.

Fálase de que é un erro material, porque nas partidas dos Orzamentos si se recollen as cantidades tendo en conta esta circunstancia. E, especificamente, no anexo anexo de persoal para o posto de "Directora" si se recollen axeitadamente as cantidades que corresponden en concepto de complementarias a un posto cunha equivalencia a un de nivel 24 (as mesmas que a un dos postos de "asistente social" [o que ten a xefatura]). Asemade, tamén no Informe de Intervención faise unha mención ó asunto.

Explicado o erro convenientemente, o que procede é a súa corrección polo que, antes de adoptar polo Pleno da Corporación o que estime oportuno en relación co expediente orzamentario,

ACORDAMOS a corrección nos seguintes termos:

1º.-No punto CUARTO da parte dispositiva, na táboa de equivalencias entre o persoal laboral fixo e o persoal funcionario (co obxecto de facer efectivo o sinalado no artigo 22.4 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2011), no caso do posto denominado Director gardería infantil, no nivel de complemento de destino, onde di: "Nivel 20".

Debe dicir:
"Nivel 24".

2º.-Corríxase no expediente orzamentario calquera outra documentación que conteña o erro mencionado.

Feita esta corrección, procédese ó debate dos Orzamentos Xerais 2012

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Boas tardes. Ben, vamos a presentar o proxecto de orzamentos para o ano 2012 deste concello. De forma preliminar, quería facer un repaso ó escenario co que se atopou este grupo de goberno á súa chegada ó mandato desta lexislatura. Basicamente, o escenario que nos atopamos é unha previsión de ingresos moito menor do que nos gustaría, un montón de partidas presupostarias sobrepasadas, bueno, unha serie de situacións anómalas e un imposto de bens inmobles que estaba bonificado, situación única en toda España. Unha mellorable, por dicilo así, xestión tributaria, de impostos, que se vían acompañadas duns informes técnicos dos responsables dos diversos departamentos que aconsellaban unha remodelación para optimizar todo o que sería xestión, neste sentido. Atopámonos cuns remanentes negativos, que xa foron debidamente cubertos e, todo isto, obrigounos a realizar unha contención do gasto e racionalización e sempre poñéndonos, como dicilo?, condicionándonos absolutamente os presupostos para o exercicio 2012. Este exercicio 2012 tratamos de levalo adiante seguindo unha serie de principios, sobre todo, axuste á realidade. A realidade é que, como se poderá ver en diversos apartados, se dotan adecuadamente partidas que, por dicilo dalgunha maneira, estaban medio ocultas. Os principios que deben seguir estes orzamentos son, loxicamente, o de estabilidade orzamentaria, que prevén un resultado de 7.576 euros por encima os ingresos dos gastos. Contéplase un aforro bruto, en concepto contable de 2.049.000 euros. Bueno, como dicía antes, están feitos a base de un rigoroso control da xestión do gasto e sempre da man (salvando o caso que non nos quedou máis remedio que eliminar a bonificación do IBI) dunha contención absoluta da presión fiscal. Non se van a tocar en ningún momento ningunha taxa nin ningún outro tipo de imposto. Para levar isto a cabo, para optimizar a xestión, apoiámonos moito no que é a posta en marcha do que dicía antes, da xestión tributaria, practicamente inexistente neste concello ata este momento, acometendo unha serie de medidas como son, diminución de lecturas da auga, tratar novas tarifas, como é o caso do teléfono, actualizar os padróns de auga, basura e sumidoiros, porque hai un nicho oculto de persoas que están disfrutando estes servicios sen a debida

contraprestación, que vai loxicamente contra o principio de igualdade. Así mesmo, temos como principio rector o fomento do emprego: acometemos unha inversión (bueno, un gasto porque vai no capítulo dous) referente ó obradoiro de emprego. E todo iso tratando de manter tódolos obxectivos culturais, sociais, deportivos e, sobre todo, aqueles servizos básicos que ten que prestar este concello. Porque unha das premisas é todo o mantemento de servizos cumprindo coas obrigacións que foron e están sendo contraídas por este concello. En concreto, levamos un recoñecemento extraxudicial por un importe de 531.000 euros que veñen do ano 2011. E todo iso a pesar de que, por unha serie de medidas (préstamo ICO, control do gasto, reaxuste de partidas...) conseguimos reducir o listado de morosidade en 1.600.000 euros, cifra que está aí partindo do dato corrixido de 30 de xuño, que se ben, inicialmente se consideraban 3.000.000 de euros, a cifra real é 1.800.00, xa depurado o listado e que acaba a 31 do 12 en 261.000 euros. Polo tanto, a filosofía destes orzamentos, a que se busca, é manter un alto contido social, prestando todos eses servizos, sobre todo servizos sociais. Se non aumentando, sempre mantendo á costa de maior aportación por parte deste concello, como consecuencia da diminución da financiación externa. Repito, en materia de emprego, o obradoiro de emprego que está solicitado, dotándose de 100.000 euros. E aumentase a colaboración de 300.000 a 330.000 euros. Auméntase tanto no gasto como na inversión de forma absoluta ó rural, que consideramos que é absolutamente preferente para este grupo de goberno, e todo, sempre mantendo a estabilidade orzamentaria debida. A pesar de que a cifra é moi superior ó ano anterior, 12.330.000 euros para este ano, hai que ter en conta que baixaría ós 11.000.000 se non fora polas medidas adoptadas, en relación ó IBI, tanto a supresión da bonificación que supón un incremento próximo os 600.000 euros como a medida adoptada polo goberno central de incremento de 0,5 para este exercicio 2012, que supón 400.000 euros añadidos, así como o incremento que supón as aportacións que veñen do FEDER en relación co novo mercado. Ben, desgranando un pouquiño os distintos capítulos, empezando polos ingresos, aquí prodúcese un aumento, xa referido, do IBI, pero tamén en diversas partidas, a pesar de que, repito, non existe aumento de taxa algunha, tendo sempre por diante, unha contención da presión fiscal sobre o cidadán da Estrada. Os ingresos son pois, o resultado das distintas variacións, a groso modo, o IBI, o que dixen hai un momento, cerca de 1.000.000 de euros, 600.000 pola supresión da bonificación, 400.000 polo Decreto de medidas urxentes do Estado. En canto ó ICIO sobe lixeiramente a pesar de que se conta cun ingreso debido ás obras da AXEGA, que supón un ingreso de 105.000 euros que xa foron realmente efectuados neste concello. O incremento non é deste calado, de 105.000 euros porque, como dixen, estamos ante uns orzamentos que se axustan á realidade, é dicir, que por exemplo, nesta cifra o que se mira realmente é o que se ven recadando en concepto de ICIO neste concello, sen poñer unha cifra a boleo, sempre basándonos en datos reais como neste caso, os datos de recadación reais do 2011 incrementado co ICIO relacionado coa AXEGA. Así mesmo, en taxas, facemos una previsión do 10% que consideramos conservadora porque visto os estudos preliminares que existen sobre a modificación que pode sufrir o padrón de auga, en relación con este, o de sumidoiros e recollida de basura, é moi posible que esta cifra alcance un incremento do 20%. Pero bueno, sempre tratando de ser conservadores, sobre todo no que é o tema de ingresos, que non nos obrigue a contemplar gastos que despois non se darían asumido. Así mesmo, o capítulo de ingresos está condicionado por unha baixada das aportacións nos tributos do Estado, que rondan unha diminución de 104.000 euros. Todo isto tamén tendo en consideración a máis que posible e probable e inminente diminución nas cantidades a devolver por exceso de exercicios anteriores, pasando de cinco anos a dez o cal daría un margen de, consideramos, 80.000 euros, cando posiblemente sería maior esa cantidade a menos devolver ó Estado. Así mesmo, tamén hai unha diminución nas financiación concertadas, en concreto, as relacionadas con servizos sociais, gardaría e, repito, estas diminucións nunca son contrarrestadas por incrementos nas taxas, cousa que, por outro lado, era posible e incluso recomendado en moitas ocasións por algúns informes, como sería o caso da gardería, que acaba de sufrir unha modificación das súas tarifas pola Xunta de Galicia que a regula e, este concello, non aplicou este incremento. Tamén no capítulo de ingresos contemplase un novo concepto que son os ingresos derivados das execucións subsidiarias, que sería un ingreso que provén dos cidadáns e que ten a súa contrapartida no capítulo de gastos, isto sería, das execucións á que estea obrigado o concello e que loxicamente deberá repercutir nas persoas que se vexan involucradas neste tipo de situacións.

Pasando ós gastos, no capítulo un, persoal, prodúcese un incremento moi lixeiro do 0,30 % montante de 12.800.000 euros e consecuencia, sobre todo, de actualizacións de trienios e atrasos no persoal laboral, que é onde se produce este maior incremento. En canto ó capítulo dous de gastos correntes, vese que existe, no volume total, un incremento do 8,10 %, por un importe de 330.000 euros. Se ben, isto na primeira lectura parece realmente un incremento de gastos correntes, unha vez detallado o por que deste incremento, observase que hai unha serie de factores que inflúen. É unha cifra de ata 900.000 euros, como son, as actuacións e gastos relacionados co novo mercado; o antedito obradoiro de emprego por 100.000 euros; o recoñecemento extraxudicial que está dotado con 531.000 euros, así como un maior incremento de gastos no rural que sofre un incremento de 200.000 euros. Desta forma, estes 900.000 euros, unha vez descontados do montante total dos gastos correntes, arrojan unha diminución próxima ó 20% dos gastos correntes. Isto é debido ó que se ven comentado e acabo de dicir hai un momento, toda a contención que se foi sometendo a tódolos departamentos e por parte dos concelleiros, cada un na súa área, que, sempre tendo por diante o mantemento de servizos, acometen a redución presupostaria correspondente. Así mesmo, esta diminución vese acompañada aparte da contención e racionalización, por unha serie de medidas como é a plataforma de contratación que iniciou este concello e que está permitindo unha redución nos gastos correntes e, ó mesmo tempo, está dando participación a tódalas empresas do concello que desexen ofertar os seus servizos ou subministros. En canto ó capítulo dous, tamén en gastos correntes, poderán vostedes ver que existe unha unión de partidas. En concreto, material de oficina, temas relacionados con reprografía e, todo isto, ven unido polo mesmo fío, que é tratar de reducir tódolos gastos e poder acometer unha xestión máis óptima. Volvo a repetir, tema de lecturas de augas, vamos a proceder a unha diminución das lecturas pasando de (é outro tema que ven hoxe a pleno) lecturas bimestrais a trimestrais, o cal (conseguindo ademais máis servizos) a cambio permite unha redución de 20.000 euros só con esta actuación. O mesmo ocorre coa xestión da telefonía, que xa vai, de momento, a unha redución de 40.000 euros sobre os 74.000 que se viñan gastando en exercicios anteriores. Esta actuación tampouco a temos pechada porque existen novas negociacións que nos dan perspectiva de mellorar estas cifras. O capítulo tres, gastos financeiros, hai un incremento de 17.000 euros. Isto ven relacionado co préstamo ICO que se había solicitado para poder liquidar a gran parte das facturas que había no seu momento e, para o cal se acudiu a este préstamo por valor próximo ós 600.000 euros. En canto ó capítulo catro, existe unha diminución do 6,81%, sobre todo por axustes que se fan a subvencións que outorga este concello. Entre o capítulo un e o catro, o que serían os gastos correntes, prodúcese un incremento do 3,59% sobre todo, supeditado estas actuacións, digámolo así, extraordinarias, que non corresponderían a gastos correntes ordinarios. En canto ó capítulo seis, inversións reais, acadamos unha cifra, penso que, moi boa de 2.380.000 euros, é dicir, un incremento de 634.000 respecto ó exercicio 2011, o que supón un 36%. E todo elo, a pesar de que existe unha diminución de 300.000 euros no concepto de inversións suxeitas a préstamo. Neste capítulo de inversións reais, o que se pode ver e que considero máis destacable, serían as aportacións con fondos propios do concello, de 842.000 euros, é dicir, estamos aumentando en 576.000, respecto ós fondos propios do concello, triplicamos, que o ano pasado eran 265.000 euros. Dentro das inversións acometidas por fondos propios, gustaríame destacar as que se fan no rural, que aparte dos 200.000 euros que se incrementan no capítulo de gastos, dótanse, neste ano de 117.000 en inversións, fronte ós 22.500 do ano pasado, é dicir, estamos quintuplicando as actuacións no rural, por vía de inversión. Así mesmo acométese con fondos propios o importe de 319.000 euros en relación co proxecto novo mercado. Tamén se incrementan notablemente, os fondos propios en relación co plan provincial de cooperación, o PPC, que chega á cifra de 90.000 euros, respecto ós 44.000 do ano pasado, é máis do dobre. Tamén me gustaría subliñar unha inversión que se fará respecto a un programa informático que se pretende implantar neste concello e que, aparte de ter como fin primordial a mellora do funcionamento interno, facilitando a xestión ós traballadores e ós diferentes servizos e departamentos, aportará, sen dúbida, un mellor servizo ós veciños da Estrada; pero non só isto, o que se busca á larga, practicamente non sería posible, pero chegado o momento de que sea unha oficina sen papel, practicamente erradicar o papel con todo o aforro do mesmo e coste copia e tema de reprografía, que se acometerá tamén esta última por medio dunha tarificación dun provedor que dote adecuadamente cunhas tarifas mellorables en coste copia. Todo isto vai dunha forma conxunta, nunha estratexia conxunta, que pretendemos que mellorando os servizos se

logren aforros substanciais. Ademais, no capítulo seis dótase adecuadamente o planeamento xeral de ordenación municipal da Estrada, que esperemos que este pronto a súa aprobación definitiva e polo menos, os traballos que se levan facendo fannos pensar que está moi próximo. Así mesmo dótase unha cantidade importante para proxectos en relación cos novos abastecementos ó rural. En canto ó capítulo oito repetimos cifra do ano pasado en illamentos de investimentos reais. En canto ó capítulo nove, pasivos financeiros, prodúcese un incremento de 215.300 euros respecto ó ano pasado como consecuencia do citado anteriormente préstamo ICO solicitado, que supón unha amortización anual de 175.000 euros. Polo tanto, eu creo que estes orzamentos son unha aposta clara pola contención no gasto corrente, unha aposta por manter e mellorar as partidas tanto en obras sociais, mellor acondicionamento do rural, unha aposta polo fomento de emprego en relación co obradoiro e como consecuencia tamén existe un aumento do gasto, non o comentei antes, contéplase, porque volvemos a ser realistas neste tamén, unha maior aportación como contraprestación a incremento das recadacións que fará o Oral.

E dicir, resumindo, penso que son realistas, protexen as situacións sociais que deben de cubrir este concello, tódolos servizos mínimos que debe acometer. Acomete, penso que, inversións ambiciosas e moito máis na situación que nos toca vivir.

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas gracias Sr. Blanco. Para abrir o debate ten a palabra a voceira do partido socialista, a Sra. Belén Louzao.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: *Ben, boas noites a todos e a todas. En primeiro lugar, dicir que nos parece curiosa a interpretación do Sr. concelleiro de Facenda, do Sr. Blanco, pero lamentámolo e discrepamos bastante da lectura tremendamente optimista que fixo aquí, igual que creo recordar así a bote pronto que tamén discrepaba no 2011 a oposición coa lectura que se facía do orzamento. Pois hoxe no 2012 discrepamos bastante tamén; e por que discrepamos? basicamente porque dicíao vostede agora cando facía o resumo das partidas, eran partidas que na súa inmensa maioría mantiñan máis ou menos as cifras con respecto ó ano pasado. O ano pasado o líder da oposición (hoxe alcalde) criticaba e facía críticas voraces realmente contra a xestión municipal por dúas cousas: unha, por ser un orzamento continuísta, e dúas por ser un orzamento extemporáneo. Ben, como dicíamos, discrepamos bastante coa lectura que acaba de facer e podíamos discrepar por esas mesmas dúas razóns, se presenta extemporaneamente a pesar de levar dicindo o goberno que están traballando arreo no tema desde o mes de decembro; e dúas, se fai un orzamento continuísta, o cal resulta curioso. Se fai un orzamento continuísta cun goberno que era de distinto cor anteriormente. Pero o peor non é iso, o peor é que no que non é continuísta é decepcionante e empeora, por que? Porque era continuísta e o gasto corrente estaba inflado, o gasto corrente era excesivo para o volume do noso concello, o persoal era demasiado, o gasto en persoal estaba mal e hoxe nos sorprenden aquí cun orzamento que empeora ese orzamento. É dicir, ós veciños lles vai custar máis o seu goberno municipal que o anterior que para vostedes era malísimo, pésimo e vociferaba o Sr. López como líder da oposición con críticas voraces contra el. Bueno, ademais, poderíamos falar de certas afirmacións que fixo vostede ó longo da súa exposición, unha exposición moi pausada, moi calma, na que dixo vostede unha gran verdade e estamos dacordo e lle damos a razón, dixo vostede “os ingresos son menores do que nos gustaría”, certo, e por iso lle subiron un millón de euros en impostos directos ós veciños. Iso é o resumo do seu orzamento: non estaban conformes co que tiñan e o fácil, en vez de ir a pelexar polos dereitos da Estrada a outras administracións, reclamar que lle fagan as transferencias que lle corresponden ó concello da Estrada, non, se foi pola opción máis fácil, atacar directamente ós veciños e ás veciñas da Estrada, subir os impostos directos. E resulta moi gracioso ver o informe da alcaldía e o informe do concelleiro do ramo, do Sr. Berto Blanco, cando di que os impostos na Estrada non se suban, claro coa excepción, descontamos o IBI. Home claro, pero o IBI é un dos impostos da Estrada, está vostede subindo un millón de euros de impostos ós veciños. Entón, se escollemos o que nos gusta da partida e o que non, pois facemos unha partida estupenda, facemos unhas partidas magníficas, sacando aquilo que non nos gusta, pero a realidade non é esa, a realidade é que é un documento completo no que se reflexa iso que acabamos de mencionar. Ademais, no que respecta tamén ó análise do que son os informes que achegan xunto cos orzamentos, que son perceptivos achegar, que poderemos analizar un pouquiño máis adiante, tamén nos xorden dúbidas con respecto ó seu orzamento cando*

vemos o informe curiosamente de intervención, informe cando antes por exemplo, e por citar un exemplo agora (simple, e despois poderemos desenvolverlo), se falaba de que se ían a suspender as horas extras, de que era un abuso o que se estaba facendo, o que se estaba facendo incrementando o persoal con horas extras de máis dun 10% que é o que a lei permite, e curiosamente vemos que hoxe neste orzamento, neste primeiro orzamento do Sr. López como alcalde, vemos que iso que el criticaba na oposición, intervención informa desfavorablemente polo mesmo, porque se están poñendo horas extras superiores, a pesar de que el dixo por activa e por pasiva que se suprimirían as horas extras. Será que ó mellor era necesario, será que ó mellor é necesario suplementar os servizos deste concello. Pode ser, pero o caso que o que está aí é superior ó que a lei permite, a pesar de todo o que se leva dito. Ademais, dicíase nos, en reiteradas ocasións (nas comisións, no consello económico, en prensa, unha e outra vez) que se fixera un esforzo por contención de gasto, que eran uns orzamentos da contención de gasto, e da realidade, que todo esforzo era pouco. Certo, todo esforzo é pouco por facer unha xestión eficiente, por suposto que si e estamos dacordo pero dende logo, onde un día se fai unha crítica voraz, despois hai que reflexalo neste primeiro orzamento, e iso non se está vendo; e non se está vendo por que? Porque hai partidas (e o manifestamos na comisión) que son netamente mellorables e así o dixemos: sentémonos, estudémolo, aportemos ideas e vamos a meter medidas de inversións reais que incentiven o emprego, que incentiven a promoción económica do noso concello. Pois non se nos fixo caso e se decidiu tirar para adiante; pois nada, todo o esforzo é pouco e fai un ano o Sr. López discrepaba e precisamente veume agora á cabeza polo de “todo esforzo é pouco” dicindo que todo o esforzo é pouco que se facía con respecto á dependencia, que o noso concello fai con respecto á dependencia. E é certo, séguese facendo, o concello está asumindo cousas e pagando cousas que non lle correspondían, pero e que o que el dicía e criticaba fai un ano, posto que había que reclamar á administración do Estado que lle dera ó concello o que lle correspondía, hoxe esvaeceuse todo, non se está reclamando nada, recibimos menos que nunca pero estamos máis calados que sempre. Somos o espírito da contradición: facemos un orzamento continuísta co que había críticas voraces, aumentamos en gasto corrente cando se dicía que estamos facendo unha política de contención de gasto e que estamos facendo recortes en todo. Claro, no único que non recortamos, como dicíamos antes, é en subirlle os impostos ós veciños. Non é o mesmo, e desde logo xa o dixen en reiteradas ocasións, non é o mesmo falar desde a oposición e facer demagogia e facer unha oposición vociferante, que facer unha oposición responsable; e desde logo non é o mesmo o que se dicía sentado no sillón da oposición que unha vez que o Sr. Alcalde chegou e se sentou no sillón da alcaldía. Ese sillón que lle garantiza a súa estabilidade, estabilidade física. Pois non son as mesmas as preocupacións que tiña na oposición o Sr. López cando lle preocupaban os parados e culpaba ó goberno estradense de non meter medidas que incentivasen o emprego no noso concello, a hoxe que vemos que esas medidas non aparecen, que simplemente reflexa un obradoiro de emprego, un obradoiro de emprego raquíptico en canto á capacidade de gasto que podería ter e que, primeiro, nin sequer sabemos se vai a ser posible que haxa ese obradoiro de emprego; segundo, non sabemos se ese diñeiro é suficiente para o volume de emprego que poderíamos mellorar ou non, porque tampouco sabemos algo tan básico como se a Xunta nolo vai a conceder ou non ou se vai acabar en Cerdedo como pasou o ano pasado. Bueno, está ben, está ben facer medidas que incentiven o emprego, pero que sexan reais, desde logo, porque o que non podemos facer é dicir que os orzamentos son a folla de ruta do goberno, que marcan como queremos que sexa un goberno, que marcan como vai a ser a lexislatura e por onde van a ir as políticas do goberno e que ese goberno, o único que queda claro á vista dos seus orzamentos é que vai directamente a polos veciños e polas veciñas. Vai directamente a subirlles os gastos e a facerlle máis difícil chegar a fin de mes, por que?. Porque a cuchilla do Sr. Blanco non sei a onde foi, porque ós gastos correntes desde logo non, os gastos correntes que aumentan 330.000 euros con respecto ó anterior, a cuchilla hai que arranxala porque non funciona demasiado ben. Persoal, vostedes dicían que amortizan unha praza, bueno habería que ver xa se se pode amortizar ou non se pode amortizar, se é legal ou non, atendendo tamén novamente ós informes de intervención que discrepan, informan desfavorablemente en como se está a facer a xestión do persoal neste concello, posto que iso debe facerse amparándose nunha RPT, que o noso concello non ten. Se amortiza unha praza pero, sen embargo, sobe (certo, pouco, 14 ou 15 euros), bueno, se mantén amortizando unha praza. Pero iso si, o que se dota é de diñeiro suficiente o orzamento como para poder

contratar persoal temporal para cubrir por acumulación de tarefas certas actividades deste concello. Por que se fai así, por que se conxela o oferta de emprego do concello e sen embargo si están dispostos a contratar persoal temporal?. Bueno, pois iso igual nos leva a pensar se existen favores que hai que pagar, se existen condicionantes políticos que hai que pagar e por iso se fai dese xeito, a pesar de que existan informes desfavorables sobre como se está levando o tema da RPT, o tema de autorización de prazas e demais. E o documentaba ó principio, se fala agora que estamos falando do persoal, se falaba das horas extras, se criticaba a xestión das horas extras, que se estaban facendo servizos prestándose a través de horas extras cando se debía facer no horario laboral. Pois o dicía antes, ó mellor é que é necesario facer prestación de horas extras neste concello, porque é un concello moi amplo, é un concello que ten moito tramo de vías públicas e moitos veciños en núcleos rurais, pero desde logo o que non se pode facer é demagogia dicindo que se sacan as horas extras e que informe intervención en contra do volume do orzamento que vai para as horas extras. Entón, non se corresponde co mercado coa lei e se é para pagar favores políticos, bueno, se antes era criticable agora o é mais, precisamente por toda esa demagogia que se lle está metendo a este tema. Aparte, resulta sorprendente ademais de todo o que xa dixo o Sr. López e o Sr. Blanco, o tema da cuchilla, nos dicía que se xuntaron compras e partidas e demais. Si, me parece moi ben, pero se vostede examina os orzamentos e non dubidamos de que os coñezan, verá que a compra de bens e servizos correntes sobe 300.000 euros. Non é que se manteña, non, non, é que sobe. Entonces, para que vale a súa famosa plataforma de contratación? para incrementar o gasto corrente na compra de material de papel de oficina?. Bueno pois estará por ver exactamente en que se soben eses 300.000 euros que, o feito e así se recollen, aumentan. Ademais, se o esforzo de contención de gasto é un aumento de gasto corrente, un aumento para os gastos da luz eléctrica, se lle está cortando ós veciños e se lle está dicindo que hai que cortar puntos de luz pública no rural porque non hai diñeiro para pagalo; unha gran mentira que vostedes dixeron unha e outra vez, pero como outras moitas que levan dicindo e agora vemos simplemente que sobe o conformado, o reservado no orzamento para enerxía eléctrica se incrementa. Bueno, pois entonces, ese aforro, ese non gasto no rural, ese non haber para os puntos de luz? Tampouco hai para as AMPAS. Tamén se lles baixa as AMPAS. Para educación, para os colexios, non vemos que se faga conservación nos pavillóns, nos deportivos, nos estadios deportivos, non vemos que as familias vexan reflexado ese millón de euros que vostedes lle están cobrando a maiores. E dicir, onde está esa contención de gasto?. Esa contención de gasto está no aumento de materiais de subministrados, no aumento de partidas para gasto corrente, ese é o seu verdadeiro aforro, incrementar o gasto corrente deste concello e ó alcalde lle fai moita gracia, pero me alegro que lle faga gracia, porque fai catro anos estaba vostede indignado aquí e estaba vostede indignado, vociferaba e dicía que de gasto corrente a onde iamos con esas cifras. E hoxe, o primeiro orzamento que presenta vostede a este concello, increméntase gasto corrente. E debíalle caer a cara de vergonza ou polo menos ruborizarse un pouquiño aínda que non sexa o seu estilo, claro, a onde iamos, por suposto, por dicir unha e outra vez esta sarta de mentiras ós veciños e ás veciñas, por que? Porque onde vostede reclamaba partidas para arranxar a casa do pobo, para arranxar os pavillóns, para a reforma do edificio do antigo INEM, hoxe non vemos absolutamente nada. Onde nos falan de grandes inversións no rural vemos que baixan as inversións nas depuradoras e nos sumidoiros do rural. Vemos que baixa a conservación en vías do casco urbano, vemos que o seu gran proxecto para o rural de 124.000 euros para traídas de auga do rural vai a préstamo. É dicir, vostedes nos están dicindo que todo vai a fondos propios e vemos que non é así, e dicir, a fondos propios, a maior inversión que levan vostedes con fondos propios é a da praza de abastos que, non nos esquezamos, o seu orzamento ten 2.000.000 de euros en inversión, 2.000.000 de euros, por que? Porque 997.000 van para o mercado da praza de abastos, pois menos mal que era unha herencia envelenada porque senón non sei por onde salvar os seus orzamentos. É dicir, o único que salva os seus orzamentos son 2.000.000 de euros en investimentos e un millón de euros vai para a praza de abastos e ven condicionado polo FEDER, e dicir, estaba conseguido do anterior goberno. Pois ole a herencia envelenada. Ademais as súas grandes inversións son mil euros para a rede de sumidoiros (aparece aquí). Bueno, pois isto é unha gran inversión? Si, plan xeral, perfecto, suxeito a préstamo, agardemos que realmente se aprobe para poder pedir ese préstamo e facelo porque así tamén o poderemos pedir para facer os abastecementos de auga do rural. Ademais, remodelación de casas-escola e outros, 5.000 euros, e nos queren

vender que o gran proxecto social que van a levar a cabo nesta lexislatura é o arranxo de casas–escola das parroquias para cederlles ás familias en situación necesitada, con 5.000 euros? Ben, é unha inversión moi importante esa que están a facer vostedes, pero desde logo, vostedes están acostumados unha e outra vez a dicir unha cousa e facer outra, a vender na prensa e despois que non se traduca na realidade, a dar titulares e despois que non se correspondan coas cifras. Está ben, á costa dos veciños soben vostedes os orzamentos, ás costas dos veciños, do seu bolsillo, soben 1.000.000 de euros que vemos que están preocupados en gastar onde? En vostedes, porque nos veciños non, non se traduce nese gasto directo ós veciños. E ademais, onde vostede dicía que as inversións eran algo máis que mera conservación, que as inversións tiñan que dar lugar a xerar tecido produtivo, a mellorar os sectores económicos e o mercado laboral, vemos que a súa gran medida laboral é un obradoiro de emprego que nin sequera sabemos se vai a ter este concello ou non. E ogallá o teña, ogallá o teña, ogallá teña plan xeral porque iso redonda no beneficio dos veciños e das veciñas, cousa que co seu orzamento iso non se está cumprindo, por que? Porque o único que están facendo vostedes é que sexa máis difícil que as familias cheguen a fin de mes, facer máis difícil que as familias poidan afrontar os seus gastos, as súas hipotecas, as súas letras, porque están gravando vostedes máis a súa situación. Moitas gracias.

Sr. Alcalde: Moi ben ,Sra. Louzao. Ten agora a palabra tamén para o seu turno de interpretación dos orzamentos, o seu primeiro turno, o voceiro do BNG, Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Moi boas tardes. Comezarei a miña intervención dándolle a razón nunha cuestión. Eu recoñezo que é normal que o goberno se queixe da situación en que se atopou o concello cando chegou porque dezaseis anos de maiorías absolutas do PP deron para desfacer moito. Durante tres anos e medio lograronse mellorar moitas cousas pero non todas, pero lográmoslle deixar o camiño moi achanzadiño. Bueno, entón recoñezolle que si, a situación era difícil, en tres anos e medio fixemos moito, todo non. Pero bueno, analizando os presupostos, empezaremos a dicir en como o concello se queixa na baixa na previsión de ingresos; é verdade, exactamente, en ingresos do Estado se lle reduce 57.000 creo que era , da Xunta 74.000, de ingresos da Deputación e da FEGAMP mantense, en total o descenso a previsión de ingresos ascende a 131.000 euros . Entón para compensar este descenso de ingresos, o goberno do PP no concello da Estrada decide que hai que afrontar unha suba de impostos. Entón, esta suba de impostos leva a que pasa a recadar 986.900 euros, exactamente 7,5 veces o que deixa de ingresar en concepto de perda de ingresos do Estado e da Xunta. Vale, poderíamos dicir, que moi ben, que teñen un ingreso maior con respecto ós presupostos do 2011, van a manter, van a manter non, van a mellorar o que se fixo no ano anterior, xa non me remonto a outros anos pero polo menos o que se fixo no ano 2011. Os veciños van a ver como vai a verse mellorada a súa vida do día a día e así vemos como en investimentos en vías rurais descende en 145.000, en total descende 124.200 euros, unha cousa é o investimento propio e outra é o investimento no rural. Recordemos que estamos aumentando a carga tributiva sobre os veciños en 900 e pico mil euros, teñen que verse compensados dalgunha maneira. En servizos sociais, que foi a gran desculpa para manter, para suprimir a taxa ó IBI e subirlle os impostos ós veciños, vemos como descende na administración xeral de servizos sociais en 21.000 euros, nos apartados..., no CIM descende 10.000 euros, actividades para a xuventude, 5.300, actividades para a terceira idade, 1.000, actividades para minusválidos, 1.000 euros, actividades para formación e apoio á familias con persoas dependentes, 3.000, e 5.228 vai a un recoñecemento de crédito, co cal sería inversión do ano pasado, senón, se diminuímos esta cantidade, aínda diminuiría moito máis o que se dedica a servizos sociais. Non son cifras significativas, non é unha cantidade importante, non estamos falando de centos de miles pero si dá unha idea da sensibilidade deste goberno, sobre todo se o comparamos co que se lles soben os impostos ós veciños en case un millón de euros. Falamos tamén da gardería, que se vemos como se reduce o gasto destinado á gardería en 3.000 euros, pero pola contra vemos como por exemplo, dentro de persoal se incrementa o gasto de persoal especificamente o de persoal de urbanismo en 38.000 euros. Porque, por un lado, retribución do persoal laboral eventual en urbanismo que é o que actualmente está pero por outro lado temos estudos e traballos técnicos de urbanismo, que neste concepto era onde estaba este persoal laboral o ano pasado. En total vemos que se incrementa en persoal de

urbanismo en 38.000 euros. O persoal de urbanismo deste concello xa da..., nin que tiveramos o plan xeral aprobado, tendo en conta a cantidade de gasto que leva. Vemos tamén, como tanto se fala sobre aforro en alumeado público, cos encendidos debates que houbo neste pleno (polo que lin nas actas, sobre todo no pleno pasado, vexo que se acordaron de min, ante todo moitas gracias por terme na memoria), pero vemos como se incrementa o gasto en 48.000 euros. Pero bueno, en resumen, podemos dicir que para o apartado de débeda pública se incrementa en 232.920 euros. Os servizos públicos básicos, nalgúns se reducen e noutros se aumentan: se reduce sumidoiros, incendios, augas, etc, etc. Aumenta sen embargo, alumeado, xardíns, o cal non me parece mal. As actuacións de protección e promoción social, onde estaría servizos sociais, que descenden 21.000, acción social que descende, sectores de poboación que descende, drogas que aumenta, voluntariado, o CIM que descende, etc, etc. Vemos como tamén se reduce a aportación de producións de bens públicos de carácter preferente, como tamén se reducen actuacións de carácter económico en 50.000 euros, agricultura, polígono industrial que descenden, turismo, etc, etc e como tamén descenden actuacións de carácter xeral, en 52.000 e algo euros. Bueno está ben que descendan en órganos de goberno, este está ben, pero participación cidadá descende, o OMIX descende, etc, etc. Pero o realmente preocupante é que o que debería ir a axudar, a mellorar a calidade de vida dos cidadáns, educación, gardería, conservatorio, cultura, deporte, etc, etc, descenden. Son os seus presupostos, recoñézolle o traballo que fixeron pero non son os presupostos que necesita A Estrada.

Sr. Alcalde: Moitas gracias Sr. Magariños. Ten a palabra o Sr. Alberto Blanco.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Ben, son un persoa pausada, tranquila, Belén, agradezo que mo recoñeza e vamos a ver. Extemporáneos?, si, xa o dixemos: porque eran inminentes unha serie de medidas a aplicar polo goberno central e pareceunos máis prudente esperar que ter uns presupostos aprobados e estar remendando neles. Continuístas?, bueno, desde logo que hai unha serie de partidas que son inescusables e que hai que seguir; penso que nin parecidos os do 2011. Lógicamente, están condicionados por todo o historial que nos atopamos. Di vostede que empeora a situación, bueno, será o seu punto de vista. Eu gustaríame ver o proxecto que ten vostede aí porque me parece que non é o que teño eu aquí, non se parece nada, que se aproxima, si bueno pois ó mellor déronlle outros. Os do Sr. Magariños xa se parecen un pouquiño máis ós meus, pero os seus de verdade que non o entendo, cando fala da “cuchilla”, non sei se algunha vez utilicei esa palabra. Cando di vostede que aumentamos o gasto corrente, aí é onde digo eu que non ten os mesmos presupostos que teño eu. Acabo de explicarlle e desgranando o apartado de gastos correntes, por que existe unha diminución de 900.000 euros. Si, que dicir que eses 330.000 que di vostede ou aproximadamente que se produce de incremento hai que sacarlle o que lle dixen hai un rato, as actuacións relacionadas co novo mercado, o obradoiro de emprego que, en principio é a única aportación que fixo o seu grupo político nas comisións informativas, o único que lle preocupaba era o que hoxe mesmo dixó que se ía para Cerdedo. Bueno pois se ía para Cerdedo xa se lle dixó que nos poderíamos sentar de novo nunha comisión de facenda e decidir que actuacións relacionadas co emprego se poden acometer, de forma acordada entre os tres grupos políticos. Penso que foi exactamente o que se dixó naquel momento. Que lle parecen pouco 100.000 euros? Bueno, son 100.000 máis que o ano pasado. Entonces, por iso eu non entendo se temos os mesmos números diante, porque de verdade que me causa moita estrañeza todo o que me está dicindo. Que temos que reclamar ás administracións do Estado, pelexar por máis ingresos? bueno, eu se vexo a evolución destes últimos anos, non vexo que as súas xestións fosen moi frutíferas. Fala das horas extras. Bueno o das horas extras está informado desfavorablemente porque supera levemente o límite. Pero supoño que o do 2011 tamén o estaría porque o ano pasado ían 130.000 euros presupostados por vostedes, cando este ano se baixa a 80.000 de forma cautelosa porque non coñecemos exactamente as necesidades deste concello, pero si decidimos baixar de 130.000 a 80.000 mirando como se puido xestionar desde que tomamos posesión neste goberno. A luz, tan traída e levada luz, eu quero, desde aquí primeiro agradecer a todos os veciños da Estrada, en concreto ós do rural, pola súa comprensión, colaboración, porque moitas veces nos veñen dicir onde hai que acometer apagados de luz; todo isto pensamos que levará un aforro de 190.000 euros. Pero que ocorre coa luz? Que di que levamos máis cantidade. De novo lle volvo a dicir que tratamos de ser realistas e ver

cales son as obrigacións que teñen coas compañías eléctricas este concello. Vostede debe saber que nos 531.000 euros de recoñecemento extraxudicial van 240.000 do ano anterior. Así mesmo, hai que ter en conta outras cantidades, apareceu o das facturas correspondentes ó ano pasado de 120.000 euros correspondentes ó bombeo do río Liñares. É dicir, se non se dota adecuadamente estamos sempre na mesma vereda; sempre estamos arrastrando o dun ano para outro, recoñecementos extraxudiciais, desaxustes, tratamos de ser coherentes co que hai e a partir de aí tratar de baixar o consumo. Pero o que non serve de nada é “pois mira, poñemos 500.000 euros e xa virán as facturas e xa miraremos”. Buscamos un pouco de responsabilidade e realismo. En canto ó tema de persoal, urbanismo, falamos de prazas e falaba tamén o Sr. Magariños de incremento en urbanismo, o único que está facendo o mesmo é poñer cada cousa no seu sitio, cada cifra onde ten que estar. Eses soldos non se estaban pagando da partida que vostede dicía, de traballos, tería que haber ido na súa partida. Eses postos que dicía vostede, se tiñan cara ou nome, pois si que ten e son ese persoal que agora mesmo segue traballando neste concello e que foi inicialmente contratado polo bipartito. E, simplemente o que facemos é dotar economicamente a partida que corresponde e así se fai con ese incremento en torno ós 45.000 euros, porque son obrigacións co persoal que hai que cumprir. Vamos a ver, que non me quero deixar nada, en canto ó do rural, falaban vostedes doutras partidas que non se están atendendo. O que se fixo entre outras partidas englobadas é a do rural, en vez de ter por aí partidas dispersas, para unha maior axilidade no funcionamento no día a día do concello, isto todo ven recomendado desde intervención, en tódolos casos, acollido por este goberno gratamente. En canto ás inversións, desde logo que hai algunhas que se dotan con préstamo, lóxicamente o PXOM, pero por valor de 780.000 euros, non Sra. Belén 1.052.000 como o ano pasado. En todo caso, pódese ver claramente que a inversión acometida con fondos propios multiplícase por tres. Sr. Magariños, serían dezaseis anos de goberno, e tres e medio ou catro seus..., desde logo que deixaron todo ben preparadiño. De feito había un montonciño, que eran os remanentes de 3 millóns de euros hai dous anos e hoxe non hai; podemos camiñar facilmente por ese lado. Bueno, podemos discutir de canto queira. Todo isto, e insisten os dous grupos da oposición en que estamos apertando ós estradenses. Bueno, a nós tocounos bailar coa máis fea, ter que acometer esa medida..., ben, isto xa se debateu, penso que suficientemente, cando foi o tema de supresión da bonificación e o do IBI: foi unha necesidade debido á situación en que estaba este concello, absolutamente necesaria, xa sen entrar en que era unha situación irregular, por non dicir, ilegal, non quedaba máis remedio. O incremento añadido, que ven dado polo Real Decreto que ditou o goberno español, bueno, está aí, non vexo ningún concello que eu sepa, nin gobernado polo BNG, nin gobernado polo PSOE, nin gobernado polo PP, que fixera algo por suprimir ese incremento que ven marcado desde o goberno estatal. En cambio, si teño visto subida de taxas de concellos gobernados por tódolos signos políticos, co cal, tras a obrigación que temos de conseguir os ingresos necesarios para acometer as obrigacións e cubrir os servizos que ten este concello, non nos quedou máis remedio que acometer esa supresión da bonificación. Que si hai incrementos? Lógicamente hai incrementos financeiros debido ó ICO, pero volvemos á mesma: o ICO pediuse para pagar facturas, as facturas están aí pagadas por importe de case 600.000 euros, pagáronse as últimas por importe de 450.000 euros. A morosidade mellorou, entón eu penso que se esas non son boas cifras, diminuír 1.600.000 partindo de 1.800.000, entón que baje Dios y lo vea. Ben, o que dicía vostede Sr. Magariños que baixan as aportacións ás inversións ó rural; o que se fixo aquí foi englobarse, vostedes o que tiñan o ano pasado era todo suxeito a préstamo, iso é tanto como non dicir nada, porque como era previsible que non se podía acometer a solicitude de préstamo algún como é moi posible que non se poida acometer este ano... Pero vostedes tódalas inversións que tiñan no rural por ese importe que vostede dicía, ían suxeitas a préstamo. Con fondos propios ían 22.500, fronte os 117.000 que van este ano. Así mesmo, había outro tipo de inversións que eran con aportacións da Xunta e da Deputación. Este ano as aportacións ó PPC van exclusivamente con fondos propios por 90.000 euros fronte ós 44.000 do ano pasado. Servizos sociais, as aportacións non descendén, mantéñense as globais; o que se ve obrigado tamén, aportar máis fondos propios do concello por diminución das (que si dicía vostede) partidas doutras administracións. Tiña aquí anotado tamén o de persoal de urbanismo, que comentei antes, xa non me repito. Alumeado público, volvemos ó mesmo. Penso que en todos estes términos, o que poñemos sempre por diante é sobre todo, a realidade do que estamos e onde queremos enfocar os seguintes orzamentos, a liña que

queremos seguir. De momento ven condicionado pola situación actual e temos que buscar o noso camiño e a ver se, cando nos toque acabar a lexislatura, a ver se hai aforro neto, a ver se hai remanentes, ese é o noso propósito.

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas gracias Sr. Blanco, ten a palabra para o último turno a Sra. Belén Louzao, concelleira do PSOE.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG- PSOE: *Moi ben, moitas gracias Sr. Alcalde pola súa aclaración..Dicir simplemente: ó comezo dicía vostede antes que non tiñamos os mesmos números. Pois ó mellor non os temos, pero facilitoumos a alcaldía, iso si, sen estruturar, deume unha copia dun orzamento sen estruturar, sen paxinar e sen as modificacións últimas que vostedes introduciron máis tarde e, polo tanto, na nosa documentación non se recolle. Iso si, as grandes cifras si se recollen e creo que todos os temos clariños. Dicían vostedes tamén que estaban condicionados polo historial de anos precedentes, pero e que os anteriores gobernos tamén estiveron condicionados polos gobernos anteriores á súa vez e tamén aparecían facturas debaixo dos caixóns para pagarlle a técnicos da Deputación por facer proxectos que nin sequera sabías onde estaban neste concello e tamén aparecían no primeiro trimestre do ano facturas do exercicio anterior que tamén había que pagar. É dicir, iso é o exercicio que se debe de facer dende facenda, por se vostede non o sabía cando embarcaron neste proxecto, sempre foi así e seguirá sendo, e sempre houbo gastos que houbo do exercicio anterior que houbo que saldar, e este concello sempre o saldou sen problemas de morosidade e sen problemas de bancarrota como vostedes lles fixeron crer ós veciños e ás veciñas da Estrada para agora vir de salvadores coa súa redución selectiva da morosidade; posto que se vai a un recoñecemento extraxudicial de crédito, igual que foron en anos anteriores, porque a lei o permite, para pagar facturas do exercicio anterior porque a lei o permite; sexamos claros, non utilicemos un día un dato que nos convén e ó día seguinte lle sumemos outro, porque senón acabamos dicindo que o concello debe 3 millóns de euros e está en bancarrota, cousa que era netamente falso. Pero bueno, os veciños xa están acostumados ás súas políticas de falsidade. Tan falso como cando di vostede que van a ser realistas e que están facendo un orzamento realista que é bo para os veciños e veciñas. Pois aí están mentindo outra vez, porque o único real nestes orzamentos é que se baixa o relativo ó social, se baixa o relativo ós apoios en educación ás AMPAS, se baixa o relativo ó apoio ó comercio, se baixa o relativo ó apoio ó rural, en agricultura, no apoio ás asociacións do rural, en xuventude, se baixa o relativo ás políticas de infancia na gardería, isos son orzamentos realistas nos que vostedes están baixando e por outro lado lle están subindo 1 millón de euros ós veciños, iso si que é realista, vostedes lle están subindo 1 millón de euros ós veciños. E nos dicía vostede, hai informes que din que había que subir, hai informes que din que as taxas son deficitarias, está esa bonificación aí que se podía sacar, si pero tamén os había en anos precedentes, tamén existían estas necesidades en anos precedentes e se seguían prestando os mesmos servizos ós veciños e ás veciñas, se estaban atendendo ós veciños e ás veciñas e vostedes, por criterio político e único neste concello, e dicir, só foron vostedes os que decidiron facer isto, decidiron subirlle ós veciños nun dos peores momentos da crise, tocarlles o bolsillo e subirlles 1 millón de euros en impostos ós nosos veciños e veciñas. Iso é a única realidade destes orzamentos, e hai un millón de euros máis que non está no bolsillo dos veciños, para xerar a súa vida e para que lles sexa máis fácil saír da situación de crise, senón que vai pasar a estar nos seus bolsillos; para que? Para subir o gasto corrente, en enerxía eléctrica máis de 33.000 euros, en material e suministros máis de 300.000 euros, en gastos diversos máis de 170.000 euros e en traballos realizados por outras empresas máis de 200.000 euros. E poderíamos seguir, pero e que é falar unha e outra vez do mesmo, porque vostedes volverannos a dicir que son uns orzamentos magníficos seleccionando aquilo que lles parece ben e aquilo que non lles parece ben e dirán que era a súa obrigaón subir os impostos. Pois non o era, foi unha decisión política e foi unha decisión política do goberno do Partido Popular da Estrada, e que se quedou só tomando esa decisión contra ós veciños; pero o que se esquece o goberno do Partido Popular encabezado polo Sr. López que antes tanto criticaba e vociferaba, é que a obriga do goberno é atender as necesidades dos veciños e das veciñas a Estrada, as necesidades que teñen cada día, e facer políticas que realmente leven a cabo unha medida de mellora laboral, unha medida de emprego, unha medida de mellora económica para o noso concello. Esa é a realidade do noso concello, que o seu primeiro orzamento, a súa*

primeira folla de ruta que marca como vai ser o seu goberno os vindeiros catro anos marca claramente un goberno que está contra os veciños e as veciñas. Un goberno que non dubida á menor incidencia en subir os impostos ou facer aquilo que sexa necesario como cortar os servizos no rural. Moitas gracias. Boas noites.

Sr Alcalde: *Moitas gracias, Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *O único grupo político que votou en contra neste concello foi o BNG. O resto votaron todos a favor. Agora resulta que o responsable de que aquel remanente se gastara e non se mantivera en aforro como quería o BNG, foi o BNG, éche curioso. Di o dito: “arrepóñense as bestas ós arrieiros”. Pero bueno, á realidade dos orzamentos. Se dicía que se mantén a inversión en servizos sociais, en bolsas de estudos descendentes mil euros, aportacións a asociacións baixa en 6 mil, as fesampas, a conciliación da vida familiar–escolar baixa en mil, os servizos de aloxamento a xente itinerante baixa a 800, resultoume curiosa esta cifra cando o propio goberno recoñece que se está producindo un incremento da demanda deste servizo e, sen embargo, que se reduza a partida é curioso. Por exemplo, en vías pasamos dunha inversión de 362.400 euros no ano 2011 a 237.562,83 no 2012, ou un gasto que lle vou recoñecer que si efectivamente podíamos chegar a acordo que si se aforra, hai un aforro do gasto corrente pero non do 20%, porque un do 20 % serían 817.000. A nós as cifras nos salen en 348.000 que é un 8,51%, tampouco aquí vamos botar as campanas a vuelo, penso eu. Sobre todo, repito, que se lle incrementaron os impostos ós cidadáns nun millón de euros e debería ter como contrapartida mellora de servizos, xa non digo mellorar o ano pasado pero polo menos manter o nivel de inversión que se mantivo o ano pasado cunha bonificación do IBI, porque os que gobernábamos ata agora si tiñamos esta bonificación do IBI e si tivemos situacións económicas difíciles no concello e logramos xestionar, porque para iso nos poñen os veciños, para xestionar. Marcaron unha liña pero a liña non é a correcta, eu recoméndolles que a endereiten porque paréceme que vai un pouquiño quebrada.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, Sr. Magariños, moitas gracias pola súa intervención. Creo que, para pechar este debate de orzamentos, no cal eu creo que cada partido expuxo a súa interpretación (creo que algún máis realista que outro). De xeito presentamos este orzamento, como comentaba o concelleiro de facenda, aínda que estabamos en condicións de facelo no mes de decembro, a prudencia parecía que apuntase a que esperásemos ós acordos que podían saír do Real Decreto Lei que aprobouse o novo goberno, o goberno de España e, polo tanto, entendíamos que de forma razoable, de forma sensata e, sobre todo, para facer uns orzamentos realistas (cousa que lle faltou ós últimos orzamentos que se presentaron neste concello), parecía que era o máis convinte e o máis razoable. De todas formas, a nosa intención é presentar os orzamentos en prazo, e de forma extraordinaria este ano se presentaron fóra de prazo; pero creo que vostedes en catro anos foron capaces de presentalo unha vez en prazo, porque lles apertaban os zapatos polos cambios no sistema contable dos orzamentos; no resto dos anos, dos outros tres presentárono de forma extemporánea, polo tanto, eu creo que hai que ser tamén un pouco sensato á hora de reclamar ós demais o que non foi capaz de facer un. De todas formas, estabamos en predisposición de tramitalos no mes de decembro e foi unha decisión política deste goberno. Esa é a xustificación de por que se presentan no pleno ordinario do mes de marzo. Con respecto a algún dos temas que saíron aquí, me parecen algúns de mal gusto. Falar que este goberno incumpre no tema das horas extras cando rebaixa un 40% o que levaba presupostado o goberno anterior e pasamos de 130 a 80 mil euros, porque temos que meter varios recoñecementos extraxudiciais que se comprometeron vostedes a pagar o ano pasado cando lles entrou esa febre no mes de maio que tiñan que facer os peóns, mañás, tardes e noites, desbrozando pistas, asfaltando, botando zahorra, levando camións, traendo camións, subindo expedientes, quitando expedientes..., aquela voráxine que lles entrou nos dous últimos meses, agora gran parte desas horas extras as ten que pagar este goberno. Ese é un gran problema, claro; nós non nos queixamos, nós pagámolo e punto; e aínda por encima nos botan a culpa de que as temos que pagar que é o máis simpático desta situación, a culpa aínda a ten o goberno porque lle vai a pagar as horas extras que lle mandaron facer vostedes ós funcionarios na campaña electoral, para traballar polo seu partido, ten tela o tema; pero este goberno paga. E o baixa un 40%; home eu sei que para vostedes, unha*

rebaixa do 40% no gasto corrente non é moito, vostedes non están acostumados a rebaixar, están acostumados a incrementar, entonces todo o que é rebaixa sóalles pouco, pero un 40 % no cal a inmensa maioría son para pagar horas extras do seu goberno, en recoñecementos extraxudiciais... Falamos de incremento de gasto..., pero vamos a ver, pero se no ano 2011 vostedes levaban 136.000 euros de recoñecemento de crédito en facturas e este ano este goberno leva 560.000 para pagar as facturas que deixaron pendentes o ano pasado, en recoñecementos extraxudiciais, facturas comprometidas que non tiñan consignación presupostaria e que este goberno ten que pagar. Estamos facendo os deberes, estamos poñendo as cousas no seu sitio e por encima a oposición nos critica por pagar os pufos que eles deixaron; isto xa é o máximo, o máximo, eu desde logo, despois desta intervención me quedo bastante sorprendido e, non me estraña que vostedes gastasen 100.000 euros nun festival de paiaos como foi o rock&clown, ou 45.000 euros fóra de presuposto na festa do salmón e gastaron a mancheas diñeiro nese medio ano, antes das eleccións municipais; aínda chegou, creo que hoxe, unha factura do 18 de maio de cococolas, cervezas e tal para alcaldía de case 300 euros, que non sei onde están porque eu non as vin. Deberon de ter algunha festa por aí. E despois teñen aínda a cara de criticar, que iso é o que máis me fastidia a min, sobre todo, falando do partido socialista...; no BNG creo que ten un problema de interpretación, non o fai a mala fe, certo, reconece que xa hai un esforzo do oito e medio por cento no gasto corrente; o partido socialista di que o incrementamos, o BNG di que o baixamos, bueno, a ver onde está o termino medio, non? Eu me quedo máis cos datos do voceiro do BNG que do voceiro do partido socialista. Non ven medidas de emprego; home, vostedes están dicindo que ían solicitar un obradoiro de emprego, o anunciaban por activa e por pasiva e levaban cero euros no orzamento; este goberno vai a solicitar un obradoiro de emprego, destina 100.000 e parécelle pouco. Vostedes ían a pedir un e levaban cero, polo tanto, parece tamén pouco razoable, non?. Cando en materia de emprego levamos unha actuación directa como é o obradoiro que ogallá, e vamos a defender que nos saia, vamos a pelexar para conseguir que a Xunta de Galicia aposte por un obradoiro de emprego para A Estrada. É moi necesario e, desde logo, polo impacto no mercado laboral e pola cantidade de cousas que hai por facer no rural, pero xa será a nosa intención e aí traballaremos, e que non somos capaces de conseguir o obradoiro? Temos 100.000 euros aí para destinar a outro tipo de actuación en materia de emprego que o propio concelleiro de facenda se brindou a negociar e a consensuar con todos vostedes. Me parece bastante razoable esa postura. Pero ademais, por primeira vez, duplicamos as partidas de apoio á actividade comercial, duplicámolas, pasámolas de 24.000 euros a 48.000; levamos unha partida de apoio ós emprendedores de 24.000 euros, partida nova. Continuístas, orzamentos continuístas..., bueno, eu creo que hai unha aposta clara en eses 24.000 para lanzar unha liña de apoio que tamén consensuaremos cos demais grupos, para intentar potenciar aquela creación de emprego ós emprendedores, ós empresarios que queiran poñer en marcha o seu negocio e que o concello dalgunha maneira poida colaborar na súa posta en marcha; hai unha partida creada de novo de 24.000 euros nos orzamentos municipais. Incrementamos aproximadamente 30.000 euros a partida de colaboración social, vostedes tiñan 30.000 e nós incrementámolo un 10%, tampouco o viron nos orzamentos. Apoio á contratación de emprego, un 10 % na partida que ían; claro, hai unha diferenza: nos orzamentos realistas, nós agora estamos aproximadamente en colaboración social gastando unha media, cos trinta empregados que temos contratados, aproximadamente unha media de 20.000 euros ó mes, vostedes tiñan menos diñeiro ca nós neste orzamento, agora hai 330, vostedes tiñan 300.000 e gastaban unha media de 40.000 euros ó mes, con 70 ou 65 persoas contratadas, 40.000. Cando chegou este goberno no mes de xuño, tiñan vostedes consumida ó 100% a partida de colaboración social, os 300.000 euros, e houbo que solicitar o aprazamento do ICO, non sei se recordan pero eu o recordo perfectamente, o aprazamento da aportación da traída da auga do Umia, os 300.000 euros, para coller os 200.000 euros e pagarlle ó persoal que tiñan vostedes contratados, porque non había diñeiro. Esa é unha realidade, e este goberno tivo que pagar os pufos que vostedes deixaron e os estamos pagando aínda agora, oito meses despois, facendo un esforzo presupostario e, o que non podemos é dicir e enganar. E dicir que este goberno lles está solucionando un problema que vostedes crearon e por encima acusarnos de incrementar o gasto, ou non pagamos? Se queren non pagamos Non hai problema ningún, eu, se lle parece, teño aquí á súa disposición e máis o podemos traer, ó mellor hoxe non é o día, podémolo traer a debate plenario, este é o informe de intervención da morosidade no

ano 2011. Cando queiran doulle unha copia, o informe da evolución da morosidade. Cando remate eu a intervención fai vostede a cuestión de orde. Un informe de evolución de morosidade. En xaneiro do ano 2011 debían vostedes 1 millón e medio de euros. Sabemos que aquí hai un pequeno erro pero eu transcribo o que pon o informe de intervención. No mes de febreiro debían vostedes 1.658.000 euros, de facturas pendentes no informe de morosidade, no mes de marzo debían 1.850.000, no mes de abril 1.893.000, no mes de maio 2.015.000, no mes de xuño 2.947.000, que despois (estes foron os datos que aportou intervención), houbo un filtrado de facturas que baixaron a 1.800.000. No mes de xullo 1.240.000, no de agosto 1.060.000, no de outubro 1.040.000, no de novembro 982.000 e en decembro 261.000. Esta é a evolución da morosidade no concello da Estrada no ano 2011; aí é onde está, e de onde saíu este diñeiro? Pois da xestión do préstamo ICO, do aprazamento e do pago de 560.000 euros que se pagaron a 31 de decembro de facturas, co plan de aforro e de austeridade que xerou este goberno e que conseguimos un remanente a 31 do 12 de 560.000 euros para pagar un lote importante de facturas e outros 560.000 euros que van a recoñecemento extraxudicial de crédito nestes orzamentos. Esas son as matemáticas, un máis dous, tres, seiscentos máis seiscentos máis seiscentos, un millón oitocentos; e os orzamentos están cubertos sen ningún déficit e, desde logo, cubrimos o déficit do ano 2010, liquidación negativa que vostedes deixaron, o cubrimos o ano pasado e a día de hoxe cos orzamentos aprobados, o concello da Estrada ten ó día, ó día, completamente, as contas das súas facturas. Pois iso é xestionar e iso é seriedade, iso é o que se lle pide a un goberno neste momento e hoxe en día, que eu recoñezo publicamente que posiblemente este Real Decreto-Lei que saíu agora para o pago e anticipo de pago de facturas a provedores, posiblemente sexa un problema para as administracións e o digo, nós gracias a esta xestión estamos salvados e o concello da Estrada está na senda do camiño da recuperación e da solvencia e da consolidación fiscal e da consolidación económica dos seus orzamentos. Teremos un orzamento estabilizado, non temos un orzamento como pecharon vostedes nos dous últimos anos, un orzamento cun plan financeiro porque estaba en inestabilidade orzamentaria, o cal estaría penalizado neste momento polo goberno central; e nós presentamos un proxecto estable, cuns fondos propios que somos capaces de trasladar, dos 200.000 euros que poñían vostedes no capítulo de inversións a 850.000 que pon de diñeiro propio o concello da Estrada na súa partida de inversión, no seu capítulo seis. Creo que iso é xestionar e de forma austera, os recursos destinalos a inversión porque o dixemos desde o primeiro momento, este goberno cree firmemente nas medidas de estímulo económico e cremos que debemos (nas nosas medidas, nas nosas posibilidades) aportar eses proxectos, aportar eses recursos para recuperar a actividade económica. Non vale só con conter o gasto, ese gasto contido hai que destinalo a inversión e é o que está a facer este goberno. Pode ser unha política equivocada, creo que tódolos tiros a nivel de política económica ultimamente van por aí e nós queremos ir nesa dirección, e queremos aforrar no gasto corrente, gastar menos na administración local e conseguir con eses aforros aportar ese diñeiro para potenciar as partidas de inversión pública e recuperar e reactivar a actividade económica. Pois iso é un pouco a política que quere seguir este goberno e desde logo, a política que queremos aplicar tamén ás políticas de emprego. Cando falan vostedes de que rebaixamos en educación e en servizos sociais non é verdade, non é verdade. Eu teño aquí o capítulo de gasto por programas, está todo aquí..., vostedes teñen un problema na lectura dos orzamentos. Estes orzamentos fan un cambio substancial a como tiñan vostedes contabilizado os orzamentos no ano pasado. O que collemos é tódalas partidas de enerxía eléctrica, por exemplo, en calquera dos capítulos que vostede me estaba dicindo antes, de servizos sociais ou en calquera outro capítulo dos orzamentos, o que vemos de rebaixa neses capítulos é polo efecto de descontar a enerxía eléctrica dese servizo, desa clasificación económica, dese programa e pasalo a unha partida única. Por que o gasto corrente aumenta a 140.000 euros, en FENOSA, en enerxía eléctrica, por que? Porque acumulamos nesa partida tódolos gastos de departamentos correspondentes a enerxía eléctrica e facemos unha única partida. Polo tanto non é certo que baixen eses orzamentos, non é verdade. Hai que ler os presupostos, mantemos e incrementamos o impulso e o apoio a esas políticas e o que facemos foi, igual que fixemos coa enerxía eléctrica, o fixemos coa reprografía, o fixemos coa compra de material, e cada departamento ía tendo a súa partidiña para gastar como quixera e este goberno, en coherencia coa plataforma de contratación e en coherencia coa liña de xestión que quere levar adiante, o que fixo foi acumular todas esas partidas nunha. E a partir de aí, vostedes interpretan que eses

programas, que eses orzamentos, eses departamentos baixan o seu orzamento. Non é verdade, estámoslle retirando gasto corrente para xestionalo dunha forma única e podelo negociar cos provedores, dunha mellor forma. Esa é a realidade e a lectura que se extrae destes orzamentos. O que pasa é que cada un lee como lle interesa. E despois o dato.... No orzamento de 2011, vostedes levaban 138.000 euros de recoñecementos extraxudiciais de facturas; este goberno leva 561.000, aí está o gasto corrente, aí está o incremento no gasto corrente, 400.000 euros de pagarlle as facturas súas. Cando fala de que baixamos a inversión no rural, non é verdade, incrementamos a inversión no rural. Que pasa? que vostedes contemplaban nos orzamentos a parte do plan provincial de cooperación que lle da 50.000 euros a Deputación e 50.000 o Ministerio e 50.000 o Concello, nós só poñemos os 50.000 euros do concello e vostedes contemplaban os 150.000 euros. Pero é un tema contable, porque nós non temos constancia da resolución de ningún organismo de que nos concedan o PPC e, polo criterio de prudencia, mantemos nos orzamentos só a parte que nos corresponde a nós. E cando veña o resto da parte incrementárase o capítulo de inversións. Pero así pasa con outros moitos proxectos e iniciativas que estaban en marcha; tampouco aparecen aquí contemplados os arranxos e anexos ó pavillón Coto Ferreiro, que o vai adxudicar a Deputación de Pontevedra, tampouco aparecen proxectos e inversións como a ponte de Cereixo, a ponte de Pernaviva, a construción do campo de fútbol; non aparecen aquí, claro que non, porque eses son ingresos extraorzamentarios e nós así os queremos considerar, e desde logo, non inflar uns orzamentos para que despois á hora da verdade non sexamos capaces de xestionalo. Eu creo que se fixo un exercicio, como dicía antes o Sr. Magariños. E que en urbanismo vostedes contrataron..., vamos a ver, aquí as únicas persoas que hai contratadas por contrato neste concello, contratáronnos vostedes, as únicas. E este goberno, nun ánimo de ser un goberno de rexeneración democrática, de integración, mantén as persoas que vostedes contrataron, por contrato, incluso moitos deles vencidos e renovados, porque así nolo permitían e seguen contratados, como en deportes, como en servizos sociais que, saben vostedes cal é a situación de servizos sociais como en urbanismo, contratos que fixeron vostedes, que vostedes para maquillalo nos orzamentos non poñían o importe do custe dese persoal, e despois andamos facendo apaños de modificacións presupostarias para que o día dos orzamentos non apareza ese incremento de gasto. Nós queremos uns orzamentos transparentes e por iso incorporamos os 54.000 euros que lles custaban a vostedes ter os técnicos contratados no departamento de urbanismo, que os contrataron vostedes, non os contratamos nós. Con razón dicía o Sr. Magariños que teñen nome e apelidos, claro que si, se os contrataron vostedes e están aí aínda facendo o seu traballo. Esa é a realidade dos orzamentos e outra cousa é, como non teñen que criticar, vamos a buscar a ver se baixan 300 euros nunha partida ou se nos soben 400 noutra. Eu creo que hai que ser máis sensato e máis consecvente, facer un análise conxunto duns orzamentos que si é certo e, o dixemos por activa e por pasiva, que non nos gustaría ter que haber tomado a decisión de subir o IBI. Tamén outros concellos doutros partidos políticos están subindo as taxas das garderías, están subindo as taxas por expedición de documentos, están subindo as taxas por servizos públicos, están facendo unha actualización todos, absolutamente todos, e este concello optou por conxelar tódalas taxas, por non gravar máis o peto dos veciños pero, por cobrar o que lle corresponde por Lei, o mínimo, o mínimo que lle corresponde por Lei, como os máis de oito mil concellos que existen en España, que é un tipo impositivo do IBI do 0,4, como os máis de oito mil. Eramos o único concello que estabamos en situación irregular en toda España e, polo tanto, entendiamos que era o momento de cobrar o que nos corresponde e, a partir de aí, administralo dunha forma eficaz, eficiente, austera e con rigor. E creo que iso é o resumo deste orzamento, que a min me gustaría, sinceramente, que tivera outra lectura, pero xa vexo que non pode ser. Desde logo, me supón certa pena que veñamos aquí a unha crítica feroz cando tiveron vostedes oportunidade na comisión informativa de trasladar as propostas e, de momento, aínda estamos esperando a que nos fagan a primeira. Polo tanto, esa é a súa idea de como é o debate político, eu creo que podían haber enriquecido ese debate nas comisións informativas. Na primeira viñeron e aínda non sabían nin como eran os orzamentos e na segunda viñeron e non debían ter moitas ganas de traballar. Entón o que fixeron foi pasar de puntillas e xa lle daremos caña no pleno. Bueno, pois, esa é a súa estratexia, eu creo que é unha estratexia equivocada, creo que hai moitas cousas que nos unen, xa o dixen moitas veces, máis das que nos separan, e podemos chegar a acordos e eu creo que este orzamento ademais, nos abre a porta para traballar e chegar a acordos en distintos proxectos como

poden ser o plan de incentivación de emprego para os emprendedores, eses 24.000 euros que podemos estudar e debater, de que forma podemos establecer unhas liñas de cooperación cos emprendedores e cos autónomos e cas pequenas e medianas empresas para lanzar unha liña de apoio na medida das posibilidades deste concello; ou a reconsideración do obradoiro de emprego que, ademais, lles quero recordar a vostedes que o concello o que fai é coller basicamente os custes do material; cando se comentaba que 100.000 euros eran insuficientes, eses son gastos correntes do obradoiro de emprego, os gastos de persoal, como ben saben vostedes (creo que o saben vostedes), os pagaría o propio obradoiro, os xestionaría a Xunta de Galicia; polo tanto, o concello o único que tería que soportar serían os gastos da compra dos materiais que utilizase ese obradoiro de emprego para facer as obras que vaian proxectadas nel. Creo que é fácil de entender, e 100.000 euros en materiais é moito material e, no caso de que non nolo concederan, que eu espero que non, traballaremos tamén nesa dirección, nos sentaremos, negociaremos, buscaremos fórmulas de incentivación e xa temos 24.000 euros por un lado máis 100.000 por outro. Temos un proxecto que é unha deuda histórica de abastecemento de auga nas parroquias, temos un compromiso maior; incrementamos considerablemente as partidas para o mantemento das vías públicas no rural, con partidas específicas para mantemento e apertura de zanxas, de cunetas, que fai moito tempo que non se fai o mantemento e, desde logo, para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños; aumentamos a aportación do concello nos servizos sociais, saben vostedes? por dúas vías, aumentámolo pola vía do incremento porque pasamos de 480.000 a 490.000 euros no servizo de axuda no fogar, e pola parte do gasto porque nós temos que facer fronte e cargo de máis gasto que había no 2011, pola rebaixa nas aportacións da Xunta de Galicia, como vostedes ben saben. Entón, eu creo que as cousas teñen un camiño, creo que a crítica, o teño que recoñecer así da postura do BNG, bueno, creo que se deriva dunha mala lectura dos orzamentos e creo que a do partido socialista se deriva dunha mala leche soberana que non é capaz de dixerir aínda determinados temas que xa deberían estar dixeridos. Polo tanto, creo que con esta situación procedemos e pechamos o debate dos orzamentos. Procedemos á votación. Faga vostede a súa cuestión de orde.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: *Simplemente me gustaría saber e me gustaría que o Sr. Secretario nos aclarase, porque ó mellor non o sabemos e estamos enganados, pero desde logo, cando se ven aquí a un debate, se acaban os turnos porque tódolos grupos temos portavoz e o grupo de goberno o ten; bueno, acabamos de descubrir que ten dous portavoces. Entón, unha das preguntas sería, ten dereito o grupo de goberno a dous portavoces? Outra pregunta sería, se o alcalde é o que modera o debate, considerase que moderar o debate é falar media hora, e dicir, utilizar un turno de palabra máis amplo que o que utilizan os portavoces xuntos do resto dos grupos? E non só iso, senón que abriron un novo debate cando está moderando o debate, traendo a este pleno documentación que non pasou por comisión, que a oposición non tivo ocasión de ver...*

Sr. Alcalde: *Sra. Louzao, esa non é unha cuestión de orde, a cuestión de orde, se quere vostede facer unha cuestión de orde, sabe vostede perfectamente coma min, cal é o regulamento e dea vostede o dato do artigo ó que se quere referir, para facer esa cuestión, enumere o artigo e se lle contestará, se é unha disertación..., non, perdoe que estou eu no meu uso da palabra, se unha disertación como esta...*

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: *E que vostede acábama de sacar...*

Sr. Alcalde: *Se é unha disertación como esta, se quere, cando queira convocamos unha xunta de portavoces e vemos como é o funcionamento da operativa diaria do pleno e, en función diso, se quere creamos un regulamento de funcionamento da sesión plenaria, como teñen outros moitos concello e estipulamos os tempos de intervención e estipulamos perfectamente como se poden levar a cabo. De momento quen dirixe o pleno, de momento, é o alcalde e, polo tanto, creo que xa está suficientemente debatido este tema e, se quere vostede ese tema, non é unha cuestión de orde, xa lle digo; para facer unha cuestión de orde ten que ceñirse vostede a que artigo e que foi, que puido xerar esa cuestión de orde. Como non o aclara, procedemos á votación e, se o quere o debatemos cando a vostede lle pareza oportuno.*

Finalmente, apróbase por once votos a favor (do PP) e 10 votos en contra (do PSdeG-PSOE e do BNG) o seguinte Acordo:

Visto o proxecto de orzamento do Concello de A Estrada para o exercicio 2012 formado polo alcalde no exercicio das súas competencias, comprensivo tanto dos estados de gastos e ingresos como da documentación complementaria referida nos artigos 165 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

Visto o informe da Interventora municipal de data 14 de febreiro de 2012,

E de conformidade co procedemento establecido nos artigos 168 e 169 do citado Texto legal, elévase ó Pleno a seguinte

ACORDAMOS:

PRIMEIRO: Apróbase o orzamento municipal para o exercicio 2012, segundo os estados de gastos e ingresos e documentación anexa, co resumo por capítulos que deseguido se indica:

	ESTADO INGRESOS		ESTADO GASTOS	
	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.536.000,00	GASTOS PERSOAL	4.314.388,00
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	250.000,00	COMPRA BENS CORRENTES E SERVICIOS	4.415.771,80
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.380.058,00	GASTOS FINANCEIROS	158.846,24
CAPÍTULO 4	TRANSFERENC. CORRENTES	5.047.793,00	TRANSFERENC. CORRENTES	497.145,00
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	62.946,00		
	TOTAL CORRENTES	11.276.797,00	TOTAL CORRENTES	9.386.151,04
CAPÍTULO 6	ENAXEN. INVERSIÓNS REAIS	18,00	INVERSIÓNS REAIS	2.380.714,04
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	778.269,00	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	280.642,00
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	760.000,00	PASIVOS FINANCEIROS	767.576,92
	TOTAL CAPITAL	1.553.287,00	TOTAL CAPITAL	3.443.932,96
	TOTAL INGRESOS	12.830.084,00	TOTAL GASTOS	12.830.084,00

SEGUNDO: Sométese o conxunto de créditos consignados no orzamento de gastos destinados a investimentos financiados con préstamo (o seu detalle está no anexo de inversións) á condición de que efectivamente se poida acudir a tal financiamento, segundo os datos que se deduzan da liquidación correspondente ó ano 2011, en aras ó establecido na disposición adicional decimocuarta do R.D.L. 20/2011 de medidas urxentes en materia presupostaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público en relación co apartado dous do artigo 14 do R.D.L. 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, na redacción dada pola disposición final decimoquinta da lei 39/2010, de 22 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para 2011.

TERCEIRO: Ó abeiro do indicado no artigo 21.6 do Real Decreto 500/1990, propónse a anulación da seguinte modificación de crédito efectuada sobre o orzamento prorrogado, por estar a mesma incluída nos créditos iniciais:

Nº EXPEDIENTE	TIPO MODIFICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	ACORDO APROBACIÓN
1/D/2012	Transferencia de crédito	Incremento IPC pensión vitalicia JLCF	621,00 €	R.A. 76/2012

CUARTO: Ratifícanse para o exercicio 2012 as equivalencias entre o persoal laboral fixo e o persoal funcionario co obxecto de facer efectivo o sinalado no artigo 22.CATRO da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2011.

Establécese a seguinte equiparación entre postos de traballo e niveis de complemento de destino:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
Técnico de xestión	Nivel 26
Traductor de galego	Nivel 26
Director da Banda de Música	Nivel 24.
Profesores da Escola de Música	Nivel 24; 50% por xornada reducida
Asistentes sociais	Nivel 24
Informático	Nivel 24
Auxiliar administrativo	Nivel 16
Conserxes	Nivel 14
Limpadoras	Nivel 14
Director gardería infantil	Nivel 24
Monitor de tempo libre	Nivel 20
Socorrista piscina	Nivel 20 NIVEL DE COMPLEMENTO
Vendedora entradas piscina	Nivel 14 DE DESTINO
Empregador vestuarios	Nivel 14
Equiparado a administrativo	Nivel 20
Equiparado a auxiliar administrativo	Nivel 16

Persoal confianza e asesoramento especial:

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 9, REGULADORA DA TAXA DE SUMIDOIROS

Sr. Alcalde: Se queren podemos propoñer o debate conxunto das tres iniciativas e a votación por separado, ou se queren debatemos as tres e votamos por separado. Se lles parece ben, a proposta deste goberno é facer un único debate e despois procedemos á votación do punto tres, catro e cinco.

Non se formula oposición por parte de ningún Concelleiro.

Sr. Alcalde: Ten a palabra o Sr. Alberto Blanco.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Ben, a pretensión deste goberno de modificación das ordenanzas fiscais relacionadas coa auga, sumidoiros e recollida de basura, ven dada polo aforro que pode supoñer na xestión tributaria a modificación das lecturas da auga en periodicidade trimestral en lugar de bimestral, co cal ó ter un menor número de lecturas terá un menor gasto que supón un aforro calculado de 20.000 euros. Como consecuencia deste cambio de periodicidade na lectura da auga e como consecuencia de que se emite un recibo único para as tres taxas, é polo que se propón a modificación das tres ordenanzas. Así mesmo, matizar que tamén a recollida de lixo no rural se ven cobrando de forma anual, adaptamos a realidade que está recollido na ordenanza de forma semestral pasámolo a anual, tal como é a operativa habitual dos últimos exercicios.

Sr. Alcalde: Moi ben, Sr. Blanco. Ten a palabra Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Ben, o noso grupo non ten ningún problema en facer un debate conxunto destas taxas, de feito, tamén así se fixo na comisión. Ben, dicíao o Sr. Blanco, o Sr. portavoz do grupo de goberno, defendía que esta taxa se vai a facer un agrupamento dos pagos posto que, aproveitando que hai que renovar o contrato, se saca a contrato e fai un aforro. Ben, nos parece ben, hai que renovar contratos, os contratos vencen evidentemente e, estamos dacordo en que se se dan mellorado as condicións, e facelo, a fin e o cabo é por interese de tódolos veciños e veciñas. O que xa non estamos dacordo é que sexa o momento de poder facer ese agrupamento, un agrupamento que vai significar que, bueno, pois, a final do mes que lle corresponda pagar, os veciños e veciñas van ter algo máis de dificultade. Que noutro momento podía ser unha boa opción?, posiblemente, nestes momentos e tal e como está o contexto para as familias, cremos que sería o mellor, estudar esta opción de deixar os pagos tal e como viñan sendo agora para que os recibos sexan menos avultados e teña que saír menos diñeiro nese mes do peto das veciñas e veciños, e que xa está saíndo por outros lados, por outras taxas, por outros impostos e, polas dificultades que estamos agora mesmo. Polo tanto, insisto, estando de acordo en que se poidan mellorar os contratos (non só estes, senón que hai mais contratos que vencen e que hai que renovar), se se poden mellorar, desde logo o apoiaremos. E simplemente dicir que este grupo se vai abster, posto que é unha responsabilidade do goberno. Non queremos sacarlle esa responsabilidade nin poñer ningunha pedra no camiño, a pesar do que se ten dito de nós. Vamos a absternos, simplemente, porque cremos que non é o momento de facer isto no bolsillo dos veciños. Moitas gracias.

Sr. Alcalde: Moi ben, Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Como xa dixen na comisión, non é este o momento de tomar esta medida porque como dixo a portavoz do grupo socialista, a Sra. Belén Louzao, o mes que toque pagar o recibo vai a ser máis caro, aínda que a cantidade ó final do ano sexa a mesma; non é o mesmo dividir por seis que dividir por catro. O resultado é netamente diferente. Tamén se fala dun aforro de 20.000 euros; o outro día na comisión se falaba de que sairía a contrato, para realizar este cobro, a lectura de contadores e tamén o corte do subministro en caso de impago e de reposición inmediateamente cando se pagara, cousa que parécenos ben, pero bueno non era a mellor maneira tal e como se estaba levando; pero en canto ten estipulado o goberno que lle vai a salir este novo contrato?

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Me parece que entorno ós 40.000 euros ou 37.000, non recordo a cifra exacta. Ata agora viña sendo a partida sobre 64.000, pois mais ou menos, aí andaban as lecturas.

Sr Alcalde: Rematou o seu turno? No turno de rogos e preguntas non hai problema ningún, pero se rematamos o turno, procuremos facelo. Eu creo que, o custe, se non recordo mal, andaba en torno ós 54.000 euros, aproximadamente, ó ano

Finalmente, apróbase por once votos a favor (do PP), un voto en contra (do BNG) e nove abstencións (PSdeG-PSOE) o seguinte Acordo:

Vista a proposta do concelleiro delegado de Facenda para fixar por trimestres o período de exacción da taxa de sumidoiros,

Considerando o aforro de gastos de xestión tributaria que se derivará do novo período de exacción,

Tendo en conta que a modificación obxecto da proposta obriga ó cambio do parágrafo 4 do artigo 5º da ordenanza,

Vista a normativa de aplicación citada no informe do Técnico de Administración Xeral,

Fiscalizado o expediente pola Interventora municipal,

ACORDAMOS:

Modifícase, nos seguintes termos, a ordenanza reguladora da *taxa de sumidoiros*:

“ Artigo 5º. Base imponible e Cota tributaria.-

.....

4. O cobro desta taxa farase por trimestres vencidos. ”

A presente modificación comezará a rexer dende o 1 de xullo de 2012.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 10, REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO

Apróbase por once votos a favor (do PP), un voto en contra (do BNG) e nove abstencións (PSdeG-PSOE) o seguinte Acordo:

Vista a proposta do concelleiro delegado de Facenda para fixar os períodos de exacción da taxa de recollida e tratamento de lixo por trimestres, e anualmente no caso da zona rural,

Considerando o aforro de gastos de xestión tributaria que se derivará dos novos períodos de exacción,

Tendo en conta que a modificación obxecto da proposta obriga a un cambio na sistemática interna do actual artigo 6 da ordenanza,

Vista a normativa de aplicación citada no informe do Técnico de Administración Xeral,

Fiscalizado o expediente pola Interventora municipal,

ACORDAMOS:

Modifícase o artigo 6 da ordenanza reguladora da *taxa de recollida e tratamento de lixo*, que queda coa seguinte redacción:

“ Artigo 6. Cota Tributaria

1. Respecto da zona urbana, as cotas esixiranse trimestralmente e de conformidade co Regulamento Xeral de Recadación.

2. Respecto da zona rural, as cotas esixiranse anualmente e de conformidade co Regulamento Xeral de Recadación.

Comezo da aplicación:

A modificación do artigo modificado comezará a aplicarse:

- A partir do 1 de xullo de 2012, o parágrafo 1.
- A partir do 1 de xaneiro de 2013, o parágrafo 2.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 24, REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS

Apróbase por once votos a favor (do PP), un voto en contra (do BNG) e nove abstencións (PSdeG-PSOE) o seguinte Acordo:

Vista a proposta do concelleiro delegado de Facenda para fixar por trimestres o período de exacción da taxa polo servizo de distribución de auga,

Considerando o aforro de gastos de xestión tributaria que se derivará do novo período de exacción,

Tendo en conta que a modificación obxecto da proposta obriga ó cambio do artigo 7, letra b), e do parágrafo 4, letra c), do Anexo segundo da ordenanza,

Vista a normativa de aplicación citada no informe do Técnico de Administración Xeral, Fiscalizado o expediente pola Interventora municipal,

ACORDAMOS:

Modifícase, nos seguintes termos, a ordenanza reguladora da *taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos*:

" Artigo 7. Dereito a percibir

.....

b) Cando se trate de servizos periódicos:

Tense dereito a percibir a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada trimestre natural, ou a partir do momento da alta no padrón, se fora o caso. "

II. " Anexo.

Segundo. Outras normas especiais de xestión

.....

4. O pagamento da taxa realizarase:

.....

c) Tratándose de liquidacións efectuadas por padrón ou matrícula, o cobramento farase por trimestres naturais vencidos, en período voluntario, no prazo de dous meses desde a correspondente publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no Regulamento Xeral de Recadación."

A presente modificación comezará a aplicarse a partir do 1 de xullo de 2012.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE URBANISMO RELATIVO A DESISTIMENTO DE RECURSO CONTENCIOSO RELACIONADO CO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Ben, xa era cuestión coñecida a decisión de proceder ó desistimento a este recurso presentado no seu día polo concello. Simplemente, darlle carácter formal porque xa que foi un acordo plenario, por medio doutro acordo plenario deberá ser declarado o desistimento deste recurso. Consideramos que no momento que estamos, xa aparte de ter a idea previa, de que non era o camiño unha contenda xudicial, senón que había que adaptarse á modificación da lei do solo, posto que se están realizando as actuacións oportunas neste sentido, dando cumprimento ós requirimentos da Xunta, é polo que, nunca máis que agora procede o desistimento a este recurso.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias, ten a palabra a Sra. Belén Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Ben, chegamos hoxe aquí, dez meses xa despois de que chegara ó goberno, que incluso en campaña electoral, o goberno actual, o actual alcalde, dixera que sería a primeira medida que tomaría, retirar este contencioso. Sen embargo, chegamos hoxe aquí e vemos que o contencioso, a pesar do que se dixo, non foi retirado. Non foi retirado un contencioso que buscaba defender os dereitos dos veciños e das veciñas da Estrada, dun plan xeral que seguiu unha tramitación correcta, así o afirmaban os informes existentes. Ten unha aprobación inicial e unha aprobación provisional, un plan xeral do que o concello da Estrada, os distintos partidos nunca cambiaron de opinión con respecto ó plan, a importancia do plan, a saída adiante; sen embargo, quen si cambiou con respecto ó plan da Estrada foi o PP da Xunta de Galicia; e por que cambiou? Pois, como viñemos dicindo, cambiou por motivos electorais, porque pasou de estar en acordo coa anterior concellería da Estrada, cos cambios que había, a de repente ver problemas por tódolos lados, en vésperas electorais. Tanto así que, o documento incorporou unha memoria ambiental que a Xunta de Galicia nin sequera chegou a abrir, devolveu sen ver, sen valorar tan sequera e, vemos que hoxe, de repente, a memoria está aprobada. Se descoñece que cambios se fixeron nesa memoria, é máis, se se fixo algún cambio. O que se nos dixo na comisión de urbanismo e que..., sen embargo, unha vez aprobadas as eleccións, unha vez que o alcalde é do seu color, está aprobada. Ben, este recurso contencioso-administrativo, foi plantexado a pesar de que (así o dixo o anterior goberno) o goberno non desexaba chegar ós tribunais, desde logo isto non se desexou nunca, desexábase solucionar, pero había que defender os intereses dos veciños e das veciñas da Estrada, os seus dereitos, igual que os dereitos do resto dos veciños de Galicia. Polo tanto, había unha excepción á que se podía acoller o plan da Estrada, reformando o documento a posteriori. Sen embargo, a día de hoxe vemos que nin se retirou isto nin se utilizou na defensa dos veciños da Estrada. Leva parado, non se chegou a presentar, que o que reclama agora o tribunal superior de Galicia, é que se presente, que se formule a correspondente demanda, non a Xunta, senón o tribunal, posto que a xunta xa entregou ese expediente para participar; pero bueno, dende logo, como dicíamos, dez meses despois sen utilizar esta ferramenta en defensa dos veciños, desde logo, cremos que efectivamente, posiblemente non teña sentido efectivo sacalo posto que a Xunta incluso se riría de nós se dez meses despois non se ten plantexado esta demanda. Polo tanto, como nós sabemos a importancia que ten o plan xeral para A Estrada, posto que sen plan xeral, desde logo, nin se vai solucionar o problema do aparcamento, nin solucionar o problema dos solos industriais, nin das zonas verdes nin desde logo, o problema das veciñas e veciños que queiran construír... Sabemos que, a confrontación política non é o camiño, así o mantivemos cando estivemos no goberno e así o vamos a manter hoxe na oposición, polo tanto, non vamos a poñer pedras no camiño, pero, desde logo, o que tampouco vamos a facer é deixar que se minusvaloren os dereitos dos veciños e das veciñas da Estrada. Polo tanto, un plan que está listo, desde fai meses, un plan que leva parado, por intencións

políticas, por intención electoralistas no seu día, está unha memoria ambiental, de repente, aprobada, un contencioso que se ía retirar, que era a consigna histórica de Partido Popular, ser a primeira medida que ía a tomar como alcalde da Estrada, o PP, está sen facer pero, desde logo, como dicía, a oposición, o grupo socialista da Estrada non vai poñer pedras no camiño. Esta é unha tramitación que correspóndelle facer ó actual alcalde, ó grupo de goberno, e que debe decidir se quere defender os dereitos dos veciños e das veciñas que, como dicíamos antes, dez meses despois esta ferramenta en defensa dos intereses dos veciños posiblemente xa perdera forza, que era o que se buscaba no seu día para defender un plan xeral que xa estaba listo, unha memoria ambiental que xa estaba lista e que estaba sendo bloqueada contra os intereses dos veciños da Estrada. Por tanto, este grupo socialista non vai a ser impedimento para que o goberno actual tome as súas decisións. Esperamos e agardamos que poidamos facer as achegas o antes posible, que este grupo de goberno nos facilite a documentación, non se nos oculten documentacións e se nos vaia dando dereito a participar. De todas formas, como dicíamos, non vamos a ser obstáculo e vamos a abstermos neste punto para que o grupo de goberno tome a decisión que considere pertinente.

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas gracias, Sra. Louzao; quedounos claro que ían a absterse vostedes neste punto. Así que ten a palabra o Sr. Magariños, o voceiro do BNG.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *como xa dixen na comisión, cremos que é unha ferramenta de presión ante a Xunta de Galicia para que, de unha vez por todas se poña as pilas co plan xeral da Estrada e que axilice os trámites e se aprobe de unha vez por todas esta ferramenta fundamental para o desenrolo económico do noso concello. Nós tampouco vamos a ser un atranco, como nunca o fomos, para que se aprobara o plan xeral da Estrada. Como ben dicía a voceira do grupo socialista, era unha ferramenta para defender os intereses dos veciños e veciñas da Estrada. Seguimos pensando que é unha boa ferramenta para defender os intereses dos veciñas e das veciñas, unha maneira de presionar á Xunta de Galicia para que se poña as pilas coa Estrada de unha vez. Tamén nos vamos a abster para demostrar a nosa boa vontade de cara a que o plan xeral da Estrada se aprobe canto antes mellor.*

Sr. Alcalde: *Moitas gracias Sr. Magariños. Ten a palabra o Sr. Blanco.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Simplemente comentar que era coñecida a intención de retirar. Xa se fai tacitamente ó deixar precluido o trámite da interposición. Unicamente o que había fora un anuncio por parte do anterior goberno e faltaba o tramite de interposición, deixouse precluir e agora, formalmente faise a renuncia nun pleno. Sen entrar en debates sobre o PXOM, simplemente dicir que a memoria sofre modificacións pola adaptación que se fai á modificación da lei, esixencia que era a que facía a Xunta no seu momento. Simplemente se está adaptando, estanse a facer os traballos de adaptación, traballos que é obrigatorio para todo o mundo. Tiven o outro día, a oportunidade, Sr. Magariños, de estar nunhas xornadas de urbanismo cun compañeiro seu, a compañeira de urbanismo de Carballo, compañeira de partido, co concejal de obras tamén, Luis Lamas e estivemos contrastando que as esixencias que está aplicando a Xunta son exactamente igual, independentemente do partido, como así ten que ser.*

Sr. Alcalde: *Algunha intervención? Eu creo que queda perfectamente explicado. Este é un trámite no que o concello xa recusou a presentación dese contencioso. Hai un anuncio, posteriormente a ese anuncio, a Xunta de Galicia ten que enviar o expediente ó xulgado contencioso e eu me puxen en contacto persoalmente coa Xunta de Galicia, co Secretario Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e me trasladou que, se non era a intención do concello nos comunicaron, ademais, que a Consellería tiña que poñer a disposición da sala do contencioso o expediente todo o que era recorrido do que o concello da Estrada anunciara o seu recurso; cando lle trasladé que non era a nosa intención e que, evidentemente nós non íamos a presentar definitivamente ese recurso, nos trasladou a idea de dicir, bueno, pois para facilitar o trámite o lóxico e o normal é que, tomedes o acordo o mesmo órgano que o tomou o da outra vez. Pero está claro que a decisión deste goberno xa estaba tomada, xa estaba dotada e tódolos pasos que se deron dende o primeiro día foron en esa mesma dirección. Así que, sen entrar a valorar eses*

problemas que se comentaban antes, nas vésperas electorais do plan xeral e eses expedientes que subían e baixaban, vamos a agradecer o voto de calidade dos dous partidos da oposición e a garantirlle que, evidentemente, queremos seguir traballando con seriedade e queremos ser coherentes tamén co que temos diante. Que non nos pase como naquel conto que cando saía da súa terapia e cando lle preguntaron que se lle poñían un muro diante cando ía na moto, que faría e el dixo “eu furo o muro”. Pois, vostedes, co plan xeral pasoulles igual, quixeron furar o muro e non se deron conta que o muro era bastante mais forte co casco e máis ca moto que vostedes levaban. Iso, evidentemente, nós non queremos furar o muro, queremos bordealo, queremos negocialo; nesa liña estamos e ese debe ser o camiño. Así que, creo que podemos proceder xa á votación deste punto.

Finalmente, apróbase por once votos a favor (do PP) e dez abstencións (do PSdeG-PSOE e BNG) o seguinte Acordo:

Vista a proposta da Alcaldía- Presidencia do 13.02.12, relativa a desistimento de recurso contencioso relacionado co PXOM.

Visto o Acordo plenario de 7 de abril de 2011 de “aprobación do ditame da Comisión informativa de Urbanismo, relativo á dación de conta da comunicación da Secretaría Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo, pola que devolveu o documento do PXOM aprobado en sesión plenaria do 03-02-11, esixindo a a súa adaptación ás determinacións da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro; a remisión do documento corrixido coa Proposta de Memoria ambiental; a aprobación provisional do mesmo; e, a remisión dese documento co expediente administrativo completo (incluíndo a tramitación ambiental); e dación de conta da contestación da Alcaldía-presidencia á devandita comunicación así como da disposición á interposición de recurso contencioso-administrativo contra a mesma”.

Visto o escrito de interposición formulado por parte do avogado, D. Balbino Irisarri Castro e do Procurador, D. José Lado Fernández, actuando en nome e representación do Concello, con data de 5 de maio de 2011 ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contra o “Acordo da Secretaría Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de 8 de maio de 2011, polo que se denega a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Estrada -concluída a tramitación a tales efectos por parte deste Concello-, e se lle require ó meu representado para que se proceda á adaptación do PXOM en tramitación, ás determinacións da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de Medidas Urxentes de Modificación da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, para a súa posterior remisión novamente á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, aprobación provisional do PXOM polo Concello, e nova remisión á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a súa aprobación definitiva”

Visto que, en data de 24 de xaneiro de 2012, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou Providencia para que o recorrente (o Concello) formulara a correspondente demanda.

Visto que, neste intre, o Concello se atopa precisamente realizando as actuacións oportunas encamiñadas a dar cumprimento aos requirimentos da Xunta, co gallo de acadar canto antes a aprobación definitiva do Plan, non tendo que esperar para iso á tramitación dun procedemento xudicial largo e incerto en canto ao seu resultado.

Visto o informe xurídico do Sr. Secretario Xeral, de data 13.02.12.

Visto o preceptuado no artigo 74 puntos 1 e 2 da Lei 29/1998 da Xurisdición Contencioso-Administrativa e artigos 22.2 letras c) e j) e 47.2.II) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

ACORDAMOS:

Primeiro.- desistir do recurso contencioso interposto por este Concello mediante escrito de interposición formulado por parte do avogado, D. Balbino Irisarri Castro e do Procurador, D. José Lado Fernández, actuando en nome e representación do Concello, con data de 5 de maio de 2011 ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contra o "Acordo da Secretaría Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de 8 de maio de 2011, polo que se denega a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Estrada -concluída a tramitación a tales efectos por parte deste Concello-, e se lle require ó meu representado para que se proceda á adaptación do PXOM en tramitación, ás determinacións da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de Medidas Urxentes de Modificación da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, para a súa posterior remisión novamente á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, aprobación provisional do PXOM polo Concello, e nova remisión á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a súa aprobación definitiva"

Segundo.- Trasladar o presente Acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas".

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL, RELATIVO Á CREACIÓN DUNHA COMISIÓN CON VISTAS A ESTABLECER UN PREMIO CONMEMORATIVO PARA RECOÑECER O LABOR DAQUELAS MULLERES OU ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS QUE CONTRIBUÍRAN Ó EMPODERDAMENTO DA MULLER.

Sra. Goldar Cora, do PP: Ola, boas noites a todos. Bueno, como xa quedou claro na comisión que realizamos os grupos a semana pasada, debido a que en marzo, o día oito, se celebra o día da muller traballadora, pareceunos interesante que a nivel institucional, se fixera un recordatorio da importancia de seguir cas políticas, cas accións que promovan a defensa da igualdade entre homes e mulleres. Aínda que se avanzou moito neste tema, non cabe duda que sempre queda moito por facer. Entón, na comisión, xa estivemos os tres grupos dacordo en crear unha comisión que estaría integrada, evidentemente, polas persoas que integramos a comisión de benestar social, pero xa se mostrou na comisión a idea de traer e invitar a esta comisión a xente do ámbito social, do ámbito cultural, do ámbito empresarial, deportivo...(bueno iso é un tema que deberíamos debater no seu momento), para institucionalizar e así, cada oito de marzo dos anos vindeiros, poder facer un recoñecemento público dende o concello da Estrada a mulleres que, sendo da Estrada ou vinculadas directamente co noso concello, tiveran unha traxectoria digna de merecemento. Agradecer a colaboración e a posta a disposición de tódolos grupos políticos para levar a cabo este proxecto. Nada mais, gracias.

Sr Alcalde: Moitas gracias, Sra. Goldar. Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Ben, como a Sra. concelleira dixo, na comisión de servizos sociais, os tres grupos (a pesar de que, isto se podía tramitar doutro xeito) estivemos dacordo en que se podía tramitar esta comisión para establecer un premio conmemorativo e que favoreza o empoderamento da muller e que así o recoñeza. Estivemos dacordo tamén en facer unha xunta de portavoces, que nós, no grupo socialista deixou unha moción relativa ó oito de marzo, sobre a mesa, para chegar a un consenso e a un acordo para facer unha moción, para traer a este pleno, no que se adoptasen acordos; creo recordar que se dixo que non fose vacío de contido, senón que tivese contido, para as tres forzas comprometernos aquí. Dicar simplemente que, ó grupo socialista nos defraudou que foi a comisión e ata o día de hoxe non sabiamos nada desta iniciativa que deixamos sobre a mesa, a favor do consenso de tódalas forzas políticas. Hoxe se nos entrega, nada máis chegado a este pleno, unha moción que non é moción, é un manifesto conxunto para a conmemoración, dicindo que estamos dacordo en facer un manifesto conxunto. Desde logo, por suposto que si, a muller ten un papel moi importante na sociedade, máis da metade da sociedade somos mulleres, neste caso. E, simplemente dar un dato da discriminación que existe, a nivel salarial: unha muller tería que traballar ó ano cincuenta e tres días máis que un home para cobrar o mesmo que el por traballar os 365 días. Isto é importante, que as forzas políticas nos comprometamos a superar isto. Dicar simplemente que ó grupo socialista lle defrauda un pouco que non teña este acordo o peso de moción e compromiso para todos. Dicar que, desde logo, nos atoparán no consenso unha vez que leamos a moción, bueno, perdón o manifesto conxunto que nos deron; e agardamos que se nos convoque para poder traballala conxuntamente e aportar ideas. Dicar que, efectivamente, apoiamos no seu día na comisión e así o vamos a facer hoxe tamén, a creación, o establecemento deste recoñecemento ó labor das mulleres que, como dicíamos, son tan importantes na nosa sociedade, e que estamos vendo como se está voltando cara atrás, en canto á súa autosuficiencia. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas a vostede Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Bueno, como xa lle dixen o outro día na comisión, eu podería coller tal cal os argumentos que vostedes utilizaron para votar en contra da moción que nós presentamos do día de Rosalía e traela a este punto. Pero xa lle dixen alí que eu non ía facer iso porque, cando algo me parecía que era bo, independentemente de quen o presentara, votariamos a favor. Entón, como nos parece boa esta iniciativa do goberno, vamos a votar a favor deste premio ou como lle queiramos chamar, que propón o goberno. O que si, como alí quedamos nesa comisión, que tiña que ser un traballo que parta de tódolos grupos deste concello, de como vai ser este premio para despois dar pé a que a sociedade estradense participe tamén no que sería o xurado que dera o premio.

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Magariños moitas grazas pola súa intervención. Alégame moito que poidamos chegar a acordo e que lle parezan interesantes as iniciativas que plantexa o goberno; creo que isto reafirmamos máis no afán e na intención que temos que seguir todos, de continuar nesa senda de acordos en temas tamén importantes e transcendentais para o Concello da Estrada. Así que lle dou a noraboa ós tres voceiros dos tres partidos con representación neste concello e que traballemos conxuntamente para sacar adiante esta iniciativa que eu creo que é interesante.

Finalmente, apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

“Que mulleres e homes gozan do recoñecemento de iguais dereitos é algo amplamente coñecido e que foi posible pola actuación reivindicativa de moitas mulleres e pola consolidación dos principios democráticos ao longo do século XX; pero de aínda así, non podemos afirmar que nos nosos días dispoñemos de iguais oportunidades para avanzar no desenvolvemento económico e social.

Desde esta perspectiva resulta impensable que as institucións públicas non fagamos nosa a necesidade de traballar desde a Igualdade de Oportunidades para

superar os desequilibrios existentes entre as condicións de vida de homes e mulleres.

O Concello da Estrada asume un posicionamento ético e político, no que o enfoque de xénero incorporárase a posta en marcha de todas as accións e decisións, políticas e técnicas, co obxectivo de acadar un orden paritario onde a participación e o desenvolvemento sexan os principios básicos da convivencia e do crecemento de mulleres e homes.

Segundo os datos recollidos na enquisa utilizada para a elaboración do II Plan de Igualdade Municipal, a poboación estradense considera bastante ou moi necesario actuar en favor da igualdade de xénero, o cal resulta lóxico tendo en conta que o recoñecemento detectado dunha realidade desigualitaria implica a necesidade consecuenta de querer cambiala.

Con motivo da conmemoración do 8 de marzo Día Internacional da Muller, e perseguindo promover por parte do Concello medidas que sexan exemplo no pulo das actuacións a favor da igualdade de oportunidades.

ACORDAMOS:

A creación dunha Comisión para elaborar as bases e designar un xurado para o establecemento dun premio conmemorativo para recoñecer a labor daquelas mulleres ou entidades públicas ou privadas que ao longo dos anos contribuíran ao empoderamento da muller e polo tanto a conseguir unha sociedade máis igualitaria para o exercicio dos dereitos en igualdade de condicións.

Este recoñecemento tería un valor significativo, non económico, e poríase en marcha este ano 2012 para poder celebralo por primeira vez o vindeiro 2013."

8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES RELATIVO A SOLICITAR Á DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO DA XUNTA, A DECLARACIÓN DO ENTROIDO DA ULLA-ENTROIDO DOS XENERAIS, COMO FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO

Sra. Seoane Rosende, do PP: : Este punto xa o vimos na comisión de cultura que tivemos o outro día. Tódalas forzas políticas estivemos dacordo en que isto é un paso moi importante para o noso entroido, para a nosa tradición. Na comisión estivemos todos dacordo, supoño que aquí non haberá ningún problema.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias, Sra. Lucía. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista, a Sra. Louzao.

Sra.Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Ben, como dicíamos, este grupo vai a estar sempre do lado dos veciños e das veciñas da Estrada e daquelo que considere que pode ser bo para eles, que pode ser bo exemplo esta declaración de interese turístico de Galicia, conxunta, evidentemente co resto de concellos que comparten o entroido dos xenerais do Ulla connosco, posto que se hai diferencias entre tódolos concellos, incluso diría máis, entre as parroquias, son máis as cousas que nos unen que as que nos separan. Polo tanto, é sempre importante intentar unha reactivación, buscar medidas de reactivación económica da nosa comarca, do noso concello e, polo tanto, dos concellos limítrofes, e polo tanto vamos apoiar, como xa o fixemos na comisión, vamos apoiar esta iniciativa e ogallá se consiga esta declaración de festa de interese turístico de Galicia para o entroido dos xenerais do Ulla.

Sr. Alcalde: Moitas gracias, Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr.Magariños Maceiras, do BNG: Como xa manifestei na comisión, o grupo municipal do BNG apoia esta iniciativa. Parécenos que é unha iniciativa interesante para promocionar e promover unha representación do que é a nosa cultura, o noso xeito de ver as cousas, pero

como tamén fixen naquela comisión, fágolles aquí tamén unha proposta do que sería crear ese museo do entroido. Loxicamente traballar con calma, non están os tempos como para dicir vamos a facer unha inversión agora como o da creación do museo do moble, pero como o do moble xa o temos, para un museo do entroido. Pero si traballar de cara a cando a situación económica sexa mellor, pois contar co espacio físico, que si xa o podemos empezar, xa se pode empezar a traballar e a recoller toda esta serie de cantigas, a recollida escrita dos encontros para mantelos no tempo, porque, se ben os museos son para gardar cousas xa pasadas, cousas mortas e o entroido é unha cousa viva, pero é unha cousa que ano a ano nace, entón o anterior morre, e para evitar que desapareza, para recollelo, este museo, que sería un museo cun certo carácter etnográfico do que somos.

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas grazas Sr. Magariños. Ten a palabra dona Lucía.*

Sra. Seoane Rosende, do PP: *Como lle dixen na comisión, paréceme unha proposta excelente, é verdade, pero sería inviable. Hoxe en día, ter un museo para gardar as carrozas e todo iso... Entón, como ben vostede di, co paso do tempo se pode mirar, que agora mesmo non están os tempos para facer un museo nin para facer gastos deste tipo. Eu dígolle que estudaremos a súa proposta, que é unha boa proposta, pero que a estudaremos para que, co paso do tempo, se economicamente nolo permiten, pois si poder facer algo así.*

Finalmente, apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

“Considerando que nas parroquias de Cacheiras, Luou, Recesende, Lucí, Reis, Teo e Vilariño do Concello de Teo, xuntamente con outras dos Concellos de Boqueixón, A Estrada, Padrón, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Vedra e Vila de Cruces, existe unha celebración do entroido con máis de cen anos de antigüidade.

Considerando que o Entroido da Ulla-Entroido dos Xenerais constitúe unha manifestación única entre as festas do entroido, pola súa singularidade e a súa vistosidade.

Considerando que o Entroido da Ulla-Entroido dos Xenerais é unha mostra singular de mantemento da identidade territorial, tanto polo percorrido realizado polas comparsas, como polo traballo que implica a súa posta en marcha, que supón a colaboración solidaria dun número grande de veciños e veciñas.

Considerando que o Entroido da Ulla-Entroido dos Xenerais resulta un exemplo único do patrimonio inmaterial da comarca cunhas raíces históricas que se perden nas distintas guerras e batallas que tiveron lugar na comarca durante a primeira metade do século XIX.

Considerando que o Entroido da Ulla-Entroido dos Xenerais constitúe unha das poucas manifestacións que existen en Galicia de carácter parateatral, coa posta en escena dos coros, das columnas e dos atranques finais; e a peculiar maneira de entoar vivas e atranques.

Vista a Memoria Explicativa para a declaración de festa de Interese turístico de Galicia, do Entroido dos Xenerais da Ulla, que forma parte deste expediente.

Visto o disposto no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, en particular o seu artigo 25.c).

ACORDAMOS:

Primeiro. Solicitar á Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia a declaración do Entroido da Ulla-Entroido dos Xenerais, que se celebra durante a época do entroido nos concellos de Boqueixón, A Estrada, Padrón, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces, como Festa de Galicia de Interese Turístico, de acordo co previsto no Decreto 39/2001.

Segundo. Remitir o presente á Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia.

Terceiro. Facultar o Alcalde para a realización dos trámites necesarios para a execución do presente acordo”.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

9º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 21 DE DECEMBRO DE 2011 E O 31 DE XANEIRO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS. Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 21 de decembro de 2011 e o 31 de xaneiro de 2012.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Ben, vamos a reducir os rogos que tiñamos. Hoxe vamos a facer só un par deles. Un, dicir, como xa dixemos cincuenta mil veces neste turno de rogos e preguntas no pleno, que está a fallar a súa política de recollida de voluminosos na Estrada. Os veciños se seguen queixando que continúan a aparecer nos cruces de camiños voluminosos. O último que nos chegaba era da parroquia de Castro. Por tanto, lles rogamus que procedan a vixiar un pouquiño mellor esta recollida de voluminosos no rural, que procedan a retirar neste caso os voluminosos desta parroquia que é a que nos trasladan os veciños e é a que rogamus que se continua a política de recollida de voluminosos que fagan unha mellora de transferencia disto ó rural, posto que non está a chegar ós veciños e ás veciñas se isto continua facéndose. Non sabemos se é que os alcaldes de barrio non o saben ou non o dan trasladalo, ou simplemente os veciños descoñecen que se continua a facer. Diciamos, nesta ocasión nos avisan da parroquia de Castro.

Por outro lado, nos gustaría facer unha pregunta, e un par de rogos en relación, todo ó mesmo tempo. A pregunta é para o Sr. Alcalde como deputado provincial, no último pleno se tratou o tema da carretera Portela-Souto de Veá?, carretera que sabemos que houbo técnicos da Deputación que estiveron días atrás aí, tomando medidas, queremos saber se foi informado no pleno da Deputación ou se vostede coñece que é o que se vai a facer nesta carretera posto que os veciños lévano demandando moito tempo e a Deputación non está atendendo correctamente este vial e, bueno, queren saber se vai a ser unha firitita como se fixo en ocasións anteriores desde a Deputación, un bacheado con pichi simplemente ou van realmente facer un proxecto de calado da mellora deste vial.

Sr. Alcalde: Pois claro que lle contesto encantado. Si que se debateu no pleno da Deputación, pero non foi un debate nin unha iniciativa. Desta volta xa ía perdendo forza e foi unha pregunta no pleno da pasada semana, no cal un dos voceiros do grupo socialista na Deputación preguntou por dous viales, por un en Cuntis e por outro na Estrada, cuns argumentos moi parecidos ós seus, peregrinos, da volta ciclista á Estrada que me fan a min tanta gracia, sobre o paso da volta ciclista a España polo noso concello. Pero, como ben sabe, naquel momento, fai uns meses, presenta o partido socialista unha iniciativa que era irrealizable, inviable, e a todas luces ilóxica, unha inversión inxustificable que desde logo, non se podía acometer e o que se fixo con realismo...; eu estiven alí co presidente da Deputación, de feito o fixen vir expresamente á Estrada, porque o informe técnico do enxeñeiro da Deputación dicía que esa carretera non estaba peor que a media das carreteras de Deputación da provincia de Pontevedra e, como eu entendía que non era así e me parecía que si que estaba bastante peor que a media das carreteras da Deputación, lle fixen e lle pedín por favor que pasase expresamente por esa estrada. E tan pronto chegou ó cruce de Portela, me chamou por telefono e me dixo “tes razón, a carretera está bastante mal e como non actuemos e fagamos algunha actuación rápido, posiblemente cando queiramos acometela nos vai custar moito máis” e, polo tanto se puxo en marcha, contratou

un anteproxecto para saber cales eran as actuacións que había que acometer aí e, dentro do razoable, creo que se pretende facer unha actuación o máis ambiciosa posible nestes tempos e unha actuación integral en todo o tramo de aproximadamente sete quilómetros que ten o vial entre Portela e Souto de Veá. Vai ser unha actuación custosa pero, posiblemente, nun prazo de quince días poidamos ter máis información e datos sobre que é o que se fai e o que se pretende facer aí e cal é o orzamento, despois teremos que pelexar, que ese xa é outro tema, a ver de onde sacamos os cartos e como facemos para que a Deputación asuma esa infraestrutura, pero si estamos traballando en esa dirección e eu espero que ese sexa un dos obxectivos deste goberno neste ano 2012, que poidamos deixar arranxada esa estrada e que a, partir do 2012 a seguinte preocupación en materia de infraestruturas sexa coa Deputación de Pontevedra a carretera Liñares–Pontevedra ata o cruce de Balboa que é desde logo onde máis necesario se fai unha actuación e aí traballaremos tamén para intentar conseguir o firme de esa estrada e facer unha actuación o máis ambiciosa posible.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Ben, gracias pola súa resposta Sr. Alcalde. Efectivamente tiñamos noticia de que a resposta oficial fora esa: se estaba a traballar nun proxecto, agardamos que coa súa presenza alí sexa un proxecto considerable e que, por unha boa vez, se arranxe ese firme que, como vostede di, está máis mal que a media das da Deputación; non sei como están as outras pero si sei como está a Callobre–Pontevedra, que vostede facía referencia agora, e agardamos, por outro lado que, o que se consiga para Portela–Souto de Veá, non sexa o que se acaba de conseguir para Callobre–Pontevedra na que víamos os operarios da Deputación bacheando onte, e o máximo que chegaron a facer foi botar en toda a carretera... non botaron nin setenta “paladitas de niño pequeno da praia” nos baches. É máis, o único que se fixo e que destaca en toda a carretera (se vostede pasa por ela) é que un dos operarios chamado Efrén, pintou con letras de pichi moi bonitas o seu nome na calzada. Por tanto, agardamos que o que se consiga para Callobre–Pontevedra e o que se consiga para A Portela–Souto de Veá sexa algo máis que pintar o nome dun operario con pichi na carretera. E rogarlle, se esas eran as preguntas, rogarlle que, o antes posible, a Deputación mellore os sinais horizontais das súas carreteras, posto que os veciños se queixan que en moitas delas hai cruces perigosos e xa non se ve o que hai pintado. Moitas gracias.

Sr. Alcalde. Sra. Louzao, eu que quere que lle diga? Paréceme moi ilustrativo o que acaba vostede de dicir pero, de momento eu son o alcalde da Estrada non o presidente da Deputación de Pontevedra e, polo tanto, eu alí lle podo garantir que nos sete meses que levo alí como deputado, a Deputación invertiu máis de 1 millón de euros no noso concello, o cal a min me satisfai. Posiblemente, e xa llo avanzo tamén, a semana que ven volvamos a retomar os traballos da ponte en Cereixo. Resulta curioso, non?, que tiveran vostedes 1 millón 600 mil euros da Deputación e non se lles ocorrera arreglar esas estradas que son titularidade da Deputación, pero que están no concello da Estrada, con cartos da Deputación de Pontevedra, resulta curioso que tiveran vostedes, dicían, creo recordar que na campaña electoral, dicían que (se non me falla a memoria agora) 14 millóns de euros, entre plan E, plan da Deputación, os remanentes que gastaron todos, o que tiñan e máis o que non tiñan, inverteran 14 millóns de euros. E bueno, oíe, que mala sorte que en catro anos non foron capaces de facer vostedes unha xestión con esas estradas. Nós levamos sete meses e lle podo garantir que para min é unha prioridade, o dixeran e o vamos a cumprir, a estrada Liñares–Balboa e a estrada A Portela–Souto de Veá (son dous eixos de comunicación importantes) e lle podo garantir que nos vamos a esforzar o máximo posible para conseguir unha actuación importante neste momento pero, bueno, somos eficientes pero non nos pida en sete meses o que non fixeron vostedes en catro anos. Non foron capaces nin de botar esas paladas de pichi na carretera da Deputación, o sexa que algo polo menos xa vamos avanzando, algo mellor estamos do que estabamos nestes últimos catro anos coa súa xestión.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Se me permite Sr. Alcalde e por alusións, posto que xa non tiña pensado intervir. Mire, nestes catro anos se pediu á Deputación que cumprira coas súas obrigacións, se pediu unha e outra vez e a Deputación fixo o mesmo que acaba de facer, unha tiritita, polo tanto, non era necesario ter o alcalde da Estrada José López para que fixera iso. E os veciños xa están cansados de que se faga iso, é tan bo alcalde, tan

eficiente, agardamos que mellore o que fixemos nós porque isto xa o fixemos co anterior goberno. Este mantemento, a carretera de Deputación lévano a sufrir así desde que o presidente da Deputación é o Sr. Louzan. Polo tanto agardamos que vostede sexa capaz de algo máis ya que es tan eficiente, e felicitáremolo se lle fai ilusión e deixaremos que se faga outra foto máis se lle fai ilusión, pero bueno, alegrarémonos un montón. Agora bueno, se vostede quere seguir abrindo debate, nos seguiremos no debate, non hai ningún problema.

Sr. Alcalde: *O que sobra é debate, o que fai falta son feitos. Debate xa temos moito debate e realmente non conduce a nada. Eu creo que nestes momentos, as cousas non se poden facer da noite para a mañá e como ben sabe vostede hai unha serie de trámites que hai que cumprir e eu estou convencido (e llo digo, podo equivocarme, pero llo digo) que este ano a actuación de Portela–Souto de Veá se vai facer, este ano 2012. E o ano que ven son actuacións dun importe considerable. Estamos falando de que unha actuación máis ou menos aceptable nese vial superará os 600.000 euros, 100 millóns de pesetas eh, que non son palabras menores, a ademais que ten que asumir a Deputación de Pontevedra. Entón, tampouco falemos de forma tan frívola como unha actuación pequena que custe 25.000 mil, estamos falar de 600.000 euros, aproximadamente, o que pode custar facer o acondicionamento integral, que poden custar os sete quilómetros da carretera, extrapresupostarios, sen ningún tipo de plan de Deputación e sen 14 millóns de euros como tiveron outros. Iso é xestión no peor momento, no momento máis complicado, cando menos recursos hai, hai que sacar 600.000 euros para facer esa actuación. Eu estou convencido de que o vamos a facer, e se o facemos teremos moito mérito por habelo feito. Máis fácil agora mesmo sería non acometer ese tipo de obras pero eu estou convencido e creo que o conseguiremos. Sr. Espiño.*

Sr. Otero.Espiño, do PSdeG-PSOE: *Por unha cuestión de memoria histórica, se me acaba de ocorrer despois das súas brillantes intervencións, vostede antes, non sei que aspecto foi, que dixo vostede que lle quedaba suficientemente explicado pero claro, faltaba a súa explicación. E eu, como hai cousas que me quedan dúbidas, quería preguntarlle: vostede sabe quen era o presidente da Deputación no ano 2000?*

Sr. Alcalde: *Creo que Abeledo, pode ser?*

Sr. Otero.Espiño, do PSdeG-PSOE: *Pode ser, e quen continuou sendo deputado desde o ano 2000 ata o 2012?*

Sr. Alcalde: *Isto que é un exame Sr. Espiño, se é un exame traio algo máis preparado.*

Sr. Otero.Espiño, do PSdeG-PSOE: *É unha batería de preguntas. Dígolle se sabe quen era o presidente da Deputación?*

Sr. Alcalde: *Vamos a ver, Rafael Louzán debe levar oito anos, debeu de entrar no 2004 ou 2005 e antes debía ser, sóame que podía ser Abeledo. A verdade é que eu non estaba en política. Eu entrei en política no ano 2003.*

Sr. Otero.Espiño, do PSdeG-PSOE: *E sabe vostede a inversión que leva feito a Deputación de Pontevedra nas zonas de Ribadumia, en tódalas zonas do Salnés desde que o Sr. Presidente Louzán está na Deputación?*

Sr. Alcalde: *Sr. Espiño eu sei o que leva feito a Deputación de Pontevedra na Estrada nos sete meses que eu son alcalde. Un millón de euros, perdoe un segundo, eu sei que nestes sete meses que eu levo de alcalde leva invertido máis de un millón de euros na Estrada e posiblemente de aquí a finais de ano invirta máis de dous millóns de euros a maiores dos que leva invertido na Estrada.*

Sr. Otero.Espiño, do PSdeG-PSOE: *Queríao precisamente levalo aquí, home. Queríao levar precisamente aí, porque 600 e pico mil euros xa estaban comprometidos por outro ámbito. E dicirlle que no 2000, se iniciou a construción da autopista Santiago á altura de Santo Domingo, en Dozón, e desde aquela, na encrucillada que ven do pazo de Oca e coa*

variante que se fixo neste entorno, alí automaticamente quedou un badén que sabe que se fixo reiteradas peticións para que iso fose subsanado e vostede sabe que aí non se fixo ningunha actuación en doce anos. Non me veña agora dicindo da espontaneidade que van a facer a obra. Se se vai a facer agora o da Portela-Souto de Veá, é porque non se fixo nada antes, Sr. López, é porque non se fixo nada antes. Por iso eu llo quería dicir.

Sr. Alcalde: Aplíquese o conto.

Sr. Otero.Espiño, do PSdeG-PSOE: Cando entrou vostede de concelleiro neste concello?

Sr. Alcalde: No 2003, Sr. Espiño.

Sr. Otero.Espiño, do PSdeG-PSOE: *Quen estivo gobernando nestes últimos 30 anos durante 25 anos neste concello? Quen gobernou a Deputación de Pontevedra, Sr. López? Quen non fixo nada nas obras que lle correspondía facer da Deputación que lle correspondía facer neste concello, Sr. López?*

Sr. Alcalde: A Deputación de Pontevedra.

Sr. Otero.Espiño, do PSdeG-PSOE: *Vostede non ten memoria histórica. Por iso eu lle fixen preguntas. Nada máis Sr.López.*

Sr. Alcalde: *Sr. Espiño, agradézolle moito. Eu o que lle podo garantir é que eu, o meu paso pola Deputación de Pontevedra eu espero que sexa para traer o máximo posible de inversións e proxectos á Estrada. Vostedes estiveron, cando tiveron responsabilidades de goberno, tiveron a Xunta de Galicia da súa man e ían facer autovía e veu aquí aquel ministro dicir que por moito que lle pesara ó portavoz do PP, tódalas máquinas ían estar traballando; e estamos sen ela e non pasa nada. E eu creo que hai que ser un pouco sensato e un pouco coherente. Vostede non aterrizou onte en política e leva moitos anos nesta casa, moitísimos, e creo que ten vostede experiencia suficiente para poder falar con certo criterio. Agora, creo que se alguén e o digo públicamente e non me sonroxo, porque vostedes andan co debate de que se as bases queren que critiquen ás Deputacións, pero os que están chupando do teto na Deputación non queren criticalo; os socialistas, que sempre andan con ese dobre mensaxe. Por un lado din que si pero por outro lado chupamos do teto, non? O BNG, como nunca pode chegar a gobernar unha Deputación, quere que desaparezan; como sempre, son os que como non poden chegar a conseguir algo, o mellor é que desapareza e así xa, polo menos, non temos ese problema. O PSOE da un paso máis, quere gobernar, quere gobernar, pero á vez ten esa dobre moral que lle impide dicir que as Deputacións son órganos de xestión e apoio ós concellos. Eu son un firme defensor da Deputación, o teño que dicir, teño que dicir que desde que eu son o alcalde, a Deputación de Pontevedra nos apoiou en todas e en cada unha das iniciativas que quixemos sacar adiante, e para este ano temos algunha sorpresa tamén preparada en forma de proxecto, iniciativa que poderemos debater e analizar, e vai a supoñer unha inversión importante, estamos falando de posiblemente en un ano ter tres millóns de euros invertidos extrapresupostariamente da Deputación; non sei se iso é xestión ou non é xestión ou é sorte ou é que che toque un “plan E” caído do ceo. Iso está claro que está aí, é xestión, e eu vou a responder por min. E cando fagamos o resumo final dentro de catro anos, eu espero ser o suficientemente humilde para non caer na soberbia que tiñan vostedes fai exactamente oito meses, que pensaban que tiñan todo feito; e como dicía o gran Don Manuel Fraga, dicía que as eleccións pódense perder de dúas formas, pensando en que se ganan ou pensando en que se perden. Vostedes pensaron que as tiñan feitas, tiñan feitas moitas cousas e ó final a xente e a cidadanía os puxo no seu lugar que é onde están, na oposición, e aí fagan o traballo o mellor que poidan. Algunha intervención máis?*

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: *Quere que entremos en debate político, estamos en campaña? É unha pregunta porque vistas as súas intervencións, hai un moderador que nos diga canto tempo temos para expresar os nosos argumentos ou non?, estamos en campaña electoral e este é un debate político?*

Sr. Alcalde: *Pode ser, eu non sei se vai haber adianto electoral ou non, pero posiblemente hai que aproveitar esa unidade interna que ten o partido socialista en Galicia para convocar unhas eleccións o mais pronto posible. Sr. Picallo?*

Sr. Picaño Riveira, do PSdeG-PSOE: *Boas noites, aínda que é tarde temos que seguir gañando o soldo, non sabe? Hoxe está Magariños, pero... Nada, eu preguntarlle o tema do alumeado do rural. Xa acabaron de apagar os focos ou cando teñen previsto se non é así?*

Sr. Alcalde: *Pois sabe que temos unha persoa cun camión facendo máis ou menos o traballo e en función da planificación que se acordou aquí, que se lle trasladou tamén ós grupos, estámolo facendo con medios propios, na medida das nosas posibilidades. Creo que xa, non podo dicirlle cifras pero, posiblemente estea nun 70 ou 80 % feito. E o que se está facendo tamén é (agora nos está levando bastante tempo) a reposición dalgúns puntos de luz. Evidentemente hai erros e xa llo trasladei a última vez que tivemos este debate. Se está indo outra vez de volta, a medida que os veciños están solicitando se vai alí, se pode ir un concelleiro, vai un concelleiro, se supervisa a zona e se, evidentemente, hai algún tipo de razón, pola seguridade pública ou pola seguridade vial dos veciños se repón o punto sen ningún tipo de problema. Agora case se está retrasando un pouco por esa criba que se esta facendo e repoñendo aqueles puntos onde se cometen erros; evidentemente se cometen erros e hai que subsanalos.*

Sr. Picaño Riveira, do PSdeG-PSOE: *Pero cando acaben vánnolo dicir ou non?*

Sr. Alcalde: *Si señor, cando o responsable do departamento, a persoa que está o fronte dese servizo nos traslade que basicamente quedou pechado o plan de corte, llo comunicaremos debidamente. Sr. Magariños?*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Cando ten pensado o goberno municipal transferir a xestión da EDAR á Xunta de Galicia?*

Sr. Alcalde: *De momento non.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Pero ten prazos?*

Sr. Alcalde: *De momento non. Non temos moi claro como é. Parece que había a través do canon da auga, había algún tipo de posibilidade de facer esa xestión. O certo é que as depuradoras nos xeran un gasto importante. Sabe vostede que son 200.000 euros que se nos está levando ó ano, a xestión da EDAR, e fixemos unha previsión para ver canto podía ser a posta en marcha e xestión das pequenas depuradoras do rural e dos bombeos e non nos chega outro tanto para facer a xestión. Polo tanto, estamos falando dunha cantidade para facer un mantemento óptimo que, xa lle digo, que está sen facer desde fai moito tempo, en torno ós 400.000 euros, que esa é unha cifra excesivamente importante para este concello.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Eu rógole que consulte unha moción que presentou o BNG xa fai moitos anos, de como tiñan que ser as depuradoras municipais, ou que consulte o plan Umia que recomenda como deben ser as depuradoras municipais para evitar ese tipo de problemas, e non sigamos caendo no erro de seguir creando infraestruturas que non serven.*

Sr. Alcalde: *Estou dacordo Sr. Magariños e para iso vostedes lévannos vantaxe: sencillamente proxectaron unhas depuradoras e non as fixeron. É unha vantaxe, non tiveron*

opción a cometer o erro, en Balseiros, en Rubín, por aí, ían os proxectos dos seus plans. E a posta en marcha da depuración daquelas zonas e a depuradora non existe. Quedoulle de asignatura pendente a este goberno, iso que tiveron cartos bastantes para facelo. Pero ó final si é certo que coincido con vostede, que o estamos facendo, e ademais xa tivemos varias reunións con distintas empresas que se adican á xestión e hai distintos sistemas de depuración de augas. Os que están feitos xa están feitos pero a idea é que hai moitos avances nesa liña e sobre todo, para depuración de augas no rural hai iniciativas e proxectos interesantes. Intentaremos primeiro poñer en funcionamento os saneamentos que xa están e que deberían estar funcionando e que non están porque lles faltan as depuradoras; e unha vez que o teñamos acometeremos a xestión integral do sistema de depuración de augas na Estrada.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos.

A Estrada, 1 de marzo de 2012

O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González